

## **CONCELLO PLENO**

### **ACTA DE SESIÓN**

**ORGANO:** CONCELLO PLENO  
**ACTA NUMERO:** 2014/11  
**CARÁCTER:** ORDINARIA  
**CONVOCATORIA:** Primeira.  
**DATA:** 18 de novembro de 2014.

---

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e quince minutos do d3a **18 de novembro de 2014** re3nese o Pleno do Concello en sesi3n convocada ao efecto con car3cter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Su3rez Barcia e coa asistencia das persoas que 3 marxe se indican:

#### **Presidente:**

D.Fernando Su3rez Barcia (Alcalde-BNG)

#### **Concelleiros presentes na sesi3n:**

##### **Polo Grupo do B.N.G.**

Dona Mari Luz Alvarez Lastra  
D<sup>a</sup> Ana Mar3a Mart3nez Fern3ndez.  
D. Horacio Cupeiro Rodr3guez  
D<sup>a</sup> Maria Teresa Gonz3lez Pi3eiroa.  
D. Vicente Castro Reigosa  
D.Xavier Campos L3pez

##### **Polo Grupo do P.P.**

D.Manuel Val3n Vald3s.  
D<sup>a</sup> Maria del Campo L3pez-Bra3a Freije  
D<sup>a</sup> Azucena Gonz3lez Loredo  
D. Jos3 Manuel Ya3ez Dablanca

##### **Polo Grupo de U.P.R.I.**

D.Agust3n Reymondez Gancedo.

##### **Polo Grupo do PSG-PSOE**

D.Eduardo Guti3rrez Fern3ndez.

#### **Secretario Xeral:**

D. Jos3 A.Carro Asorey

#### **Interventor:**

D. Luis V3zquez Parga

#### **Tecnico de Adm3n.Xeral.**

D.Jos3 Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

**2014.01.46.-APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 25 DE SETEMBRO DE 2014.**

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondentes ás sesións epigrafiadas nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Por parte do Concelleiro do Grupo Municipal Popular Sr. Yañez Dablanca sinálase que non se incluiu na acta de referenci de 25 de setembro de 2014, en relación coa Moción sobre unha Vila libre de circos con animais a súa intervención achegando un texto co que mais ou menos expuxo daquela e co rogo de que se inclúa.

O texto a incluír como intervención súa na referida Moción é o seguinte:

*“O Concelleiro Sr. Yañez Dablanca do Grupo municipal do PP manifesta que o que fixo a pregunta no anterior Pleno foi él e que dalgunha forma ese anónimo de debate que xurdiu daquela vez veu en principio a traer aquela pregunta e se emprazou para miralo e xa daquela se sabía das mocións tipo.*

*Que o asunto xurdiu por voces populares do pobo porque se puxeron unha serie de etiquetas no circo e chamaron a atención sobre aquel. De feito esa pregunta no Pleno viu a luz a través dos medios de comunicación e tamén se atopaban esas mocións tratadas noutros lugares e naturalmente avisados desa forma o propio Concello á hora de esixir as taxas por ocupación de espazo público ou polo concepto que sexa xa pon na propia autorización da Alcaldía que se adoptarán as medidas precisas de salubridade, seguridade, hixiene, etc para este tipo de instalacións e os propios axentes do SEPRONA foron, se personaron e viron e comprobaron que todas as autorizacións que tiñan e para o cuidado dos animais cumprían os requisitos establecidos.*

*Non quere confundir tirios e troyanos ou romanos e gregos e de feito aquilo que se iniciou cunha pregunta que tivo unha resposta pública por outro lado tamén é certo que a viu doutra forma na exposición de motivos da moción en relación co respecto que a cidadanía deber ter respecto dos animais, a mensaxe educativa que é negativa.*

*Manifesta que no vai entrar na discusión dos dereitos pero sí nunhas determinadas condicións de vida e de estado, fala de transtornos psicolóxico, de que hai moitos países donde se prohíbe e que ven o punto concreto e lamenta que isto que é o que comezou como unha pregnta nun pleno caiga simplemente nun poster para poñer á entrada do pobo sinalando isto.*

*A pregunta foi se existía algunha ordenanza municipal con respecto a isto dos espectáculos e non solo sobre iso senon tamén sobre o trato, o cuidado dos animais.*

*Os animais son compañeiros de todos, pero sábese de casas, de granxas, de hortas, etc. de moitísimos sitios donde os animais viven en condicións de traballo e non de traballo, como no circo. Manifesta que reducir o problema do maltrato ao cuidado e ao mantemento dos animais a algo que ven polo pobo tres ou catro días á semana é situarse nun ranking de concellos de Galicia que prohiben a entrada de espectáculos con animais ao pobo, cando a lei, os vixiantes e os responsables de todos eses cuidados comprobaban que o seu estado cubre as necesidades e expectativas de calidade de vida.*

*Tampouco se vai referir aos traballos e as características dos mesmos que debe estar supervisado pero tamén nas casas xa que todos coñecen casos cercanos e non están regulados.”*

*Lamenta que so se trate como xa dixo de poñer un poster de aquí circos con animais non e iso é a base da abstención do seu grupo.”*

A Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, en votación ordinaria acorda prestarlle a súa aprobación coa modificación de referencia.

#### **2014.02.47.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE PRAZA DE ABASTOS, MERCADIÑOS E VENDA AMBULANTE NO TERMO MUNICIPAL DE RIBADEO.-**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta de modificación da Ordenanza reguladora de referencia.

O Sr.Alcalde explica aos membros da Comisión que se trata basicamente de recoller na ordenanza algo que se está realizando “de facto” o mercado dos sábados e regular o aspecto os postos, dimensións, etc. no mercado artesanal previsto para a rúa peonil de Rodriguez Murias.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a modificación da Ordenanza reguladora de referencia para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal e a subseguinte tramitación.”

Explica o Sr. Alcalde que pretenden que o mercado dos sábados, o cal carece de regulamento, teña unha normativa ao igual que o mercado dos mércores. Indica que se trata de unha aprobación inicial.

Ábrese un turno de debate e intervén en primeiro lugar D.Eduardo Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE e manifesta que vai a votar a favor.

D. Agustín Reymóndez Gancedo, de UPRI, indica que él non asistiu ás comisión informativas e que despois de ler o texto ve que se intenta completar e ampliar a ordenanza, engadindo un punto no artigo 2 definindo as datas do nadal e as fotos dos postos porque teñen que ser todos

similares. Explica que tamén cambia o artigo 20, engadindo o mercado da horta dos sábados, e que hai un bis no artigo 21 referente a iso.

Opina que eses cambios eran necesarios para a ordenanza e manifesta que vai votar que si.

O Sr. Alcalde indica que na ordenanza tamén se adica unha parte ao mercado de artesanía da Rúa Rodríguez Murias, o cal era importante regularizar.

Dona Azucena González Loreda, do Grupo municipal do Partido Popular di que hai un erro de forma, xa que so teñen a proposta de Alcaldía e non hai informes preceptivos. Referente á ordenanza, opina que se lle da unha cobertura xurídica a algo que xa existe, polo que o van a apoiar, e no caso de Rodríguez Murias expresa que lle parece importante que se intente regular, pero que no tema dos horarios, no periodo de setembro a xuño lle parece tarde que remate ás doce da noite; referente ao tema do nadal di que se entende como unha excepción pero que ao mellor era convinte deixalo regulado.

A Concelleira dona Ana María Martínez Fernández, do Grupo Municipal do BNG, explícalle que non se puxo un horario concreto porque ao ser fins de semana diferentes pode variar porque teñen que estar autorizados, polo que consideran que é mellor regulalo por unha resolución cada ano.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia á modificación inicial da Ordenanza de referencia así como a exposición pública por período regulamentario e demais tramites procedentes.

## **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA PRAZA DE ABASTOS, MERCADIÑOS E VENDA AMBULANTE NO TERMO MUNICIPAL DE RIBADEO**

**Engádesse un punto no artigo 2, do seguinte tenor literal:**

**-Mercado da horta dos sábados.-** mercado de carácter sectorial para a venda de produtos da horta local de celebración periódica todos os sábados do ano agás aqueles expresamente excluídos ou de peche obrigatorio por normativa legal aplicable

**O artigo 20 actualmente dí:**

### Artigo 20º: mercado da Rúa Rodríguez Murias

Con carácter concreto establecerase un mercado de artesanía na rúa Rodríguez Murias adicado á venda ambulante de artesanía polo miúdo. Dito mercado terá dúas tempadas distintas, non podendo obter autorización para a mesma quen figure como debedor de taxas municipais de tempadas anteriores:

- a) Do 1 de xullo ao 15 de setembro con periodicidade diaria, de 12:00 horas a 00:00 horas
- b) Do 16 de setembro ao 30 de xuño, de 12:00 horas a 00:00 horas os mércores, fins de semana e festivos

Excepcionalmente, poderase revocar a autorización por interese municipal debidamente motivada coa devolución da taxa non disfrutada.

O espazo a utilizar por cada posto instalado non poderá superar os metros cadrados por posto segundo se sinala no plano existente para este mercadiño, con 1,00 metros de fondo máximo, liquidándose a taxa correspondente segundo establece a Ordenanza Fiscal T19 no seu artigo 5. 3.

A autorización liquidarase con antelación de xeito global polo período total de ocupación.

As solicitudes para estes postos realizaranse en modelo normalizado expresando o obxecto da venda, a prelación de asignación de postos vacantes e a tempada para a que se realiza a

solicitud, podendo admitirse solicitudes durante a tempada cando existan postos libres. Á solicitude xuntarase:

- Tarxeta de venda ambulante expedida pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia ou documentación acreditativa de atoparse de alta no epígrafe correspondente do IAE e ao día nas obrigas tributarias e de Seguridade Social
- Fotocopia do DNI
- Dúas fotografías tamaño carnet
- Estar ao corrente coa tesourería municipal

Terán preferencia na asignación e autorización de postos, en caso de recibirse máis solicitudes que postos antes do inicio da tempada os titulares de autorización da tempada inmediatamente anterior que tiveran aboadas as taxas correspondentes.

**O artigo 20 quedaría:**

Artigo 20º: mercado da Rúa Rodríguez Murias

Con carácter concreto establecerase un mercado de artesanía na rúa Rodríguez Murias adicado á venda ambulante de artesanía polo miúdo. Dito mercado terá dúas tempadas distintas, non podendo obter autorización para a mesma quen figure como debedor de taxas municipais de tempadas anteriores:

- a) Do 1 de xullo ao 15 de setembro con periodicidade diaria, de 12:00 horas a 00:00 horas
- b) Do 16 de setembro ao 30 de xuño, de 12:00 horas a 00:00 horas os venres, fins de semana e festivos

**Atendendo a excepcionalidade de datas do nadal o concello podera ampliar estas datas.**

Excepcionalmente, poderase revocar a autorización por interese municipal debidamente motivada coa devolución da taxa non disfrutada.

O espazo a utilizar por cada posto instalado non poderá superar os metros cadrados por posto segundo se sinala no plano existente para este mercadiño, con 1,00 metros de fondo máximo, liquidándose a taxa correspondente segundo establece a Ordenanza Fiscal T19 no seu artigo 5. 3.

A autorización liquidarase con antelación de xeito global polo período total de ocupación.

As solicitudes para estes postos realizaranse en modelo normalizado expresando o obxeto da venda, a

prelación de asignación de postos vacantes e a tempada para a que se realiza a solicitude, podendo admitirse

solicitudes durante a tempada cando existan postos libres. Á solicitude xuntarase:

- Tarxeta de venda ambulante expedida pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia ou documentación acreditativa de atoparse de alta no epígrafe correspondente do IAE e ao día nas obrigas tributarias e de Seguridade Social
- Fotocopia do DNI
- Dúas fotografías tamaño carnet
- Estar ao corrente coa tesourería municipal
- **Dúas fotografías do posto.**

**Todos os postos serán desmontables e proporcionados polo propio vendedor. As operacións de carga e descarga e instalación dos postos deberán efectuarse antes das 11:00 da mañá e a desmontaxe e retirada dos postos efectuarase a partir das 23:00 horas, no prazo máximo de unha hora, deixando o lugar en perfecto estado de limpeza. Está prohibida a utilización de anclaxes ou elementos que danen o pavimento público. Asimesmo prohibese o mantemento de vehículos a tracción mecánica no espazo do mercadiño.**

**Os postos deberán ter unha estética común e uniforme, con cubertas claras cor area e faldóns azuis evitando a vista de plásticos . Presentaranse dúas fotos nas que se vexa o posto e a mercancía**

Terán preferencia na asignación e autorización de postos, en caso de recibirse máis solicitudes que postos antes do inicio da tempada os titulares de autorización da tempada inmediatamente anterior que tiveran aboadas as taxas correspondentes.

**Engádese o artigo 21 bis, do seguinte tenor literal:**

**Artigo 21 bis: Mercado da horta dos sábados**

Con carácter concreto establecerase un mercado da horta no espazo exterior da Praza de Abastos adicado á venda de produtos da horta local. Dito mercado terá lugar todos os sábados do ano, non podendo obter autorización para a mesma quen figure como debedor de taxas municipais de tempadas anteriores:

Excepcionalmente, poderase revocar a autorización por interese municipal debidamente motivada coa devolución da taxa non disfrutada.

O espazo a utilizar por cada posto instalado non poderá superar os dous metros cadrados por posto con un metros de fondo máximo, liquidándose a taxa correspondente segundo establece a Ordenanza Fiscal T19. O máximo de postos será de oito segundo o plano aprobado.

A autorización liquidarase anualmente con antelación de xeito global polo período total de ocupación.

As solicitudes para estes postos realizaranse en modelo normalizado expresando o obxecto da venda, a prelación de asignación de postos vacantes e a tempada para a que se realiza a solicitude, podendo admitirse solicitudes durante a tempada cando existan postos libres.

Á solicitude xuntarase:

- Tarxeta de venda ambulante expedida pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia ou documentación acreditativa de atoparse de alta no epígrafe correspondente do IAE e de estar ao día nas obrigas tributarias e de Seguridade Social.
- Fotocopia do DNI
- Dúas fotografías tamaño carnet
- Estar ao corrente coa tesourería municipal
- Certificado de empadramento

Terán preferencia na asignación e autorización de postos, en caso de recibirse máis solicitudes que postos antes do inicio da tempada os titulares de autorización da tempada inmediatamente anterior que tiveran aboadas as taxas correspondentes.

**2014.03.48.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T6 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA PARA O EXERCICIO DE 2014.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta de modificación da Ordenanza fiscal de referencia.

O Sr. Alcalde explica aos membros da Comisión que o que se pretende é regular como infracción os casos de aquelas persoas ou empresas que non teñan aboado as taxas por ocupación de dominio público (terrazas para servizo de bar, cafeterías, etc.) e que para o caso de non satisfacer as mesmas sexan obrigadas a retirar ditas terrazas.

Por parte do Concelleiro do PSG-PSOE Sr. Gutiérrez Fernandez significase que se pode e debe aproveitar e se non é agora mais adiante para regular tamén as superficies de ocupación principalmente nas rúas do casco histórico que son estreitas, xa que non se pode manter as actuais instalación que ocupan o ancho das mesmas sen deixar paso algún para peóns, etc.

Promóvese deliberación sobre este aspecto entre os diferentes membros da Comisión.

Rematada a mesma, a Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a modificación da Ordenanza reguladora de referencia para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal e a subseguinte tramitación.”

O Sr. Alcalde explica que se trata de regular o tema das terrazas ademais de establecer o prezo e que había unha cuestión que era que ademais de ir por vía executiva aqueles que non pagan que non poidan montar ao ano seguinte por unha cuestión de xustiza respecto á xente que si a paga.

D. Eduardo Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE di que lle parece ben e que vai votar a favor.

D. Agustín Reymóndez Gancedo, de UPRI di que isto se trata dun tema de sancións e infraccións, que lle parece que iso se ten que regular e que non sabe se iso está motivado ou non; comenta que como non asisteu á comisión informativa quere escoitar o resto de explicacións.

O Sr. Alcalde explícalle que antes non se podía montar unha terraza sen autorización, pero que hai xente que a monta con autorización e que logo non paga; indica que as tres modalidades de pago que hai son quincena, por temporada dende Semana Santa ata setembro ou por todo o ano e que iso non se cambia, que soamente que cando ven alguén que non paga no período voluntario, aínda que o acabe pagando por vía executiva, non poida montar a terraza o ano seguinte.

Delibérase por diferentes membros da Corporación sobre este asunto.

Rematada a deliberación, a Corporación, por unanimidade dos seus membros en votación ordinaria acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia á modificación inicial da Ordenanza fiscal indicada así como a exposición pública por período regulamentario e demais tramites procedentes.

A modificación queda do seguinte xeito:

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO  
CON ELEMENTOS CON FINALIDADE LUCRATIVA**

## Artigo 16. Sancións

O incumprimento das prescricións establecidas na presente Ordenanza será constitutivo dunha infracción e determinará, previa instrución do correspondente expediente sancionador, con amaño ó procedemento establecido legalmente, a imposición das seguintes sancións:

- *Faltas leves: multas do 25 ó 50% do valor da taxa da superficie ocupada pola totalidade da terraza ou quiosco, teña ou non licenza*
- *Faltas graves: multas do 51 ó 100% do valor da taxa da superficie ocupada pola totalidade da terraza ou quiosco, teña ou non licenza, revogación da licenza e inhabilitación para a obtención de novas autorizacións de ata 3 anos*
- *Faltas moi graves: multas do 100 ó 150% do valor da taxa da superficie ocupada pola totalidade da terraza ou quiosco, teña ou non licenza, revogación da licenza e inhabilitación para a obtención de novas autorizacións de entre 3 e 5 anos*

**Terá tamén a consideración de falta grave, que neste caso será sancionada coa revogación das licenzas ou autorizacións outorgadas, ou coa non renovación automática das mesmas, así como a inhabilitación para a obtención de novas autorizacións de ata 3 anos, o non pagamento das taxas a que se refire a presente ordenanza no período máximo de un mes posterior ao remate dos prazos voluntarios que correspondan en cada caso, con independencia do procedemento que se siga para a recadación efectiva dos importes non aboados.**

*En ningún caso a sanción será inferior ó beneficio económico que a infracción teña suposto para o infractor.*

*Igualmente, se a inspección comprobara que estase a realizar maior aproveitamento do autorizado, á marxe do que resulte do expediente sancionador que se incoe e de que se obrigue ó interesado a axustar a licenza ás condicións con amaño ás que lle foi outorgada, procederase a liquidar a taxa relativa ao exceso, de ocupación de espazo público que corresponda ao período en que se teña mantido a instalación non autorizada, presumíndose que dita ocupación excesiva tivo lugar dende o mesmo día da súa autorización.*

*Na imposición de sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a gradación da sanción a aplicar os seguintes criterios:*

- *Existencia de intencionalidade*
- *Reiteración dos feitos*
- *Natureza dos prexuízos causados*
- *Reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se teña declarado por resolución firme*
- *Perigosidade da infracción*

## **2014.04.49.-REFINANCIAMENTO DE PRÉSTAMOS DO PLAN DE PAGO A PROVEEDORES**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 13 de novembro de 2014 que se transcribe:

“Durante a deliberación deste asunto auséntase do Salón de sesións o Concelleiro Sr.Castro Reigosa.



A Comisión, por unanimidade, acorda declarar a urxencia do presente asunto e pasar ao estudio do mesmo.

Obra no expediente a proposta da Alcaldía redatada con posterioridade á data de convocatoria da Comisión. O Interventor explica polo miúdo a tramitación realizada e o resultado da licitación promovida.

Rematada a deliberación a Comisión, por catro votos a favor (tres dos membros do BNG e un do Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e dúas abstencións (dos membros presentes do Grupo Popular) acorda ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos seus propios termos para elevar ao Pleno municipal para adopción do acordo procedente.”

Durante a deliberación deste asunto auséntase do Salón de Plenos o Concelleiro Sr.Castro Reigosa.

O Sr. Alcalde explica o punto para os sres.Concelleiros que non estiveron na comisión informativa.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr.Interventor se ten algo máis que aportar; explicando éste que hai unha lexislación que faculta aos concellos que cumpran determinados requisitos para refinciar a débeda dos préstamos do Plan de Pago a Proveedores. Indica que para facer iso poden pedir ofertas a entidades bancarias e despois o Pleno debe decidir se lle vale ou non para despois pedir autorización ao Ministerio.

Comenta que o procedemento o iniciaron tanto para un tipo de préstamo con interese variable como para outro menor con interese fixo, convidando a todos os bancos da praza, e que de ahí saíron dúas as mellores ofertas.

Aclara que o que fixo a oferta máis vantaxosa do xuro fixo non pode ser adxudicatario por incumprir o requisito de estar ao corrente coa facenda local no momento de presentar a oferta referente ao recibo do IBI dunha vivenda; di que satisfizo a débeda antes de pretender asinar o contrato pero os técnicos dixeron que non podía ser porque tiña que ser no momento de presentar a oferta, polo que houbo que aceptar ao segundo, a pesar de ir en contra do interese do Concello.

Tamén explica que non hai moita diferenza económica, pero que despois de dez anos vai suponer un diñeiro; reitera que legalmente non puideron contratar co primeiro porque, a pesar de decidir que cumpría todo, despois non foi así.

Indica que esta foi a explicación que se deu na comisión informativa, que o banco do xuro variable presentou toda a documentación en tempo e forma, que foi a que se trae a unha comisión informativa, e que sen embargo o outro o día da comisión informativa non o tiña presentado; di que de feito presentou a documentación hoxe pola mañá, polo que non pode estar ahí.

Proponlle ao Pleno debatir e votar ese punto para o préstamo grande e despois, con esa nova documentación, incluír o pequeno como punto extraordinario.

O Sr. Interventor di que Caixa Rural presentou a documentación ese día pola mañá, pero que faltando as copias simples do documento de entidade, das escrituras e do poder, polo que pola tarde achegou os orixinais para poder cotexalos, quedando toda a documentación correcta; indica que feito isto o contrato se podería adxudicar.

O Sr. Alcalde di que ao mellor o explicou de xeito moi sinxelo, pero que a norma indica que se pode facer o que fixeron, publicitar, licitar e escoller os mellores, que nun caso foi o primeiro e noutro, por lei, tivo que ser o segundo; explica que despois iso se debe levar a Pleno para que lle dea a conformidade ou non, e no caso de que se dea a conformidade deben mandar o acordó plenario ao Ministerio para que sexa o Ministerio o que aprobé iso finalmente.

Comenta que hai un aforro importante no interese variable.

O Sr. Interventor explica que o xuro de antes era a tres meses máis 3,85 e agora pasan a tres meses máis 0.91, polo que son casi tres puntos.

O Sr. Alcalde repite que ese é o aforro no variable e pregúntalle ao Sr. Interventor cal é no fixo, indicado éste que se pasa de 3.34 a 2.75.

O Concelleiro Sr. Gutiérrez Fernandez opina que o principal é que supón unha mellora para a economía municipal, di que sería urxente e que vai a votar a favor; comenta que el non esperaría ao final para porder votar o segundo punto.

O Concelleiro Sr. Reymóndez Gancedo de UPRI manifesta que existindo esa posibilidade de refinanciar a débeda a provedores cree que é unha opción que ten o goberno municipal de reducir custos; referente ás entidades di que xa se nomeou que unha é Caixabank cunha oferta interesante e un aforro de 166.846 € e a outra, aínda que era a que mellor ofertou non cumpria, que era o Sabadell, polo que houbo que pasar a segunda que é Caixa Rural Galega cun interese de 2.75 e que supón un aforro total 11.164 €. Di que o aforro total é 180.000 € aproximadamente, o cal lle parece ben e vai votar que si.

D<sup>a</sup> Azucena González Loreda, do Grupo Municipal do PP, manifesta que non está o Sr. Concelleiro, que isto é un debate que ten con el e que non vai perder a esperanza de que acabe por recoñecerlle que ese plan de pago a provedores de Rajoy foi unha medida que favoreceu moito á administración local.

Comenta que ese plan xa foi refinanciado polo Ministerio unha vez e que agora abre a posibilidade dunha nova refinanciación, indica que con esa parte están totalmente de acordo. Di que da segunda parte, que é a negociación, se ocupan eles (referíndose ao equipo de goberno) e que a corporación non ten ningún tipo de participación polo que van abster.

A Corporación, en votación ordinaria, por oito votos a favor (sete dos membros do BNG e un do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e catro abstencións (dos membros presentes do Grupo municipal Popular), acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía que de seguido se transcribe:

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**VISTO** que o artigo 3 do Real Decreto-Lei 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, recollía a posibilidade de que as entidades locais puideran concertar novas operacións de endebedamento para cancelar parcial ou totalmente a súa débeda pendente co Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no mesmo.

**CONSIDERANDO** que no informe de intervención de data 07/10/2014, se analizaba a posibilidade de acollerse á posibilidade descrita no parágrafo anterior, e a determinación de que o órgano competente para a concertación das operacións de crédito en cuestión, no caso

de que se levase a cabo polo importe máximo posible, sería o Pleno da Corporación, de acordo cos artigos 52.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril

**VISTO** que por Resolución de Alcaldía de data 07/10/2014 aprobouse o expediente de contratación e o prego de condicións que rexerían no seu caso a adxudicación de operacións de refinanciamento dos préstamos subscritos por este Concello de Ribadeo a través do mecanismo de pago a provedores, de acordo co disposto no artigo 3 do Real Decreto Lei 8/2014, de 04 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficacia, que serían os seguintes:

Nº	ENTIDADE	CAPITAL PENDENTE	DATA DE VENCIMIENTO	TIPO DE XURO
1	ABANCA	1.480.447,82 €	29/05/2022	E3M+3,85
2	BANCO POPULAR ESPAÑOL	352.348,00 €	31/12/2023	3,34

**VISTO** que con data 08/10/2014 solicitouse oferta ás entidades financeiras da localidade e aquelas coas que ten relación o Concello, outorgándolles un prazo de 15 días naturais para a súa presentación, e que formularon a súa as seguintes entidades: BBVA (NRE 12315/2014), CAIXA RURAL GALEGA (NRE 12208/2014), BANCO DE SABADELL (NRE 12360/2014), BANCO PASTOR (NRE 12252/2014), LIBERBANK (NRE 12375/2014), BANCO SANTANDER (NRE 12341/2014), CAIXABANK (NRE 12397/2013) e ABANCA (NRE 13490/2013).

**VISTO** que o Alcalde da Corporación, procedeu asistido polo Secretario e co asesoramento do Interventor da Corporación e do TAX don José Rodil Veiga, o día 30/10/2014 á apertura dos sobres coa documentación administrativa que se estimou correcta, e posteriormente á apertura dos sobres B que contiñan a oferta económica, cos seguintes resultados:

ENTIDADES FINANCEIRAS	OFERTA OPERACIÓN 1	OFERTA OPERACIÓN 2
<b>ABANCA</b>	E3M+1,14	<i>E3M+1,14 -NON ADMISIBLE</i>
<b>CAIXABANK</b>	<b>E3M+0,98</b>	<i>E3M+0,98 -NON ADMISIBLE</i>
<b>BANCO SANTANDER</b>	E3M+1,06	NON PRESENTA
<b>LIEBERBANK- CAJASTUR</b>	<i>E1A+0,66 -NON ADMISIBLE</i>	NON PRESENTA
<b>BBVA</b>	<i>E3M+1,13 -NON ADMISIBLE</i>	NON PRESENTA
<b>CAIXA RURAL GALEGA</b>	E3M+1,40	2,75 FIXO
<b>BANCO PASTOR- BANCO POPULAR</b>	E3M+2,50	NON PRESENTA
<b>BANCO SABADELL- GALLEGO</b>	E3M+1,00	<b>2,09 FIXO</b>

- De acordo co recollido nas cláusulas primeira e oitava dos pregos non se admiten as ofertas nas que se recolle un tipo variable para a operación nº 2, cando esta debía

referenciarse a un tipo fixo inferior ao 3,34 %, nin as ofertas nas que se recolle un tipo variable distinto ao Euribor a 3 meses para a operación nº 1.

- De acordo co recollido na cláusula 10 dos pregos, non se admite tampouco a oferta realizada por BBVA para a operación nº 1 ao non manterse a mesma ata o 31/12/2014.

**CONSIDERANDO** que á vista do anterior, procedeuse con data 03/11/2014 a requirir ás entidades CAIXABANK e BANCO SABADELL- GALLEGO para que presentaran a documentación a que se refiren os pregos de cláusulas e os artigos 146.4 e 151.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, coa intención de adxudicarles no seu caso o contrato, por ter presentado as ofertas máis vantaxosas de acordo cos criterios recollidos no artigo 9 dos pregos de cláusulas, e que con datas 10/11/2014 (NRE 12839/2014) e 13/11/2014 (NRE 13080/2014), por parte de CAIXABANK e 13/11/2014 (NRE 13084/2014), por parte de BANCO SABADELL- GALLEGO, foi presentada esta documentación.

**VISTO** non obstante que, con data 10/11/2014 foi emitido informe de intervención relativo ao aforro financeiro que se obterá coa subscrición das novas operacións, de acordo co artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, e que no mesmo ademais de cifrar este aforro, á vista dos informes de data 05/11/2014 e 07/11/2014 emitidos pola recadación municipal que obran no expediente, se concluía que no momento de presentación das ofertas, a entidade BANCO SABADELL- GALLEGO se atopaba incurso nunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP ao non estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Ribadeo.

**VISTO** que, a consecuencia do anterior, procedeuse con data 10/11/2014 a requirir a CAIXA RURAL GALEGA, entidade que presentou despois de BANCO SABADELL- GALLEGO a oferta máis vantaxosa para a operación nº 2 de acordo cos criterios recollidos no artigo 9 dos pregos de cláusulas, para que presentara a documentación a que se refiren os pregos de cláusulas e os artigos 146.4 e 151.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, coa intención de adxudicarlle no seu caso dita operación se era excluído polo órgano de contratación o licitador citado, e que ata a data non foi presentada esta documentación.

Por tanto, de acordo coas atribucións do artigo 22.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 52 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Inadmitir as ofertas presentadas polas entidades financeiras ABANCA e CAIXABANK para a operación nº 2, e as de LIEBERBANK- CAJASTUR e BBVA para a operación nº 1, por non axustarse ás esixencias dos pregos de cláusulas de data 07/10/2014

**SEGUNDO.** Apreciar a existencia dunha prohibición para contratar, recollida no artigo 60.1.d) do TRLCSP, no licitador BANCO SABADELL- GALLEGO, por non atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Ribadeo no momento de presentar a súa oferta, excluíndoo por tanto do procedemento.

**TERCEIRO.** Adxudicar provisionalmente a concertación das operacións de refinanciamento dos préstamos subscritos por este Concello de Ribadeo a través do mecanismo de pago a provedores, de acordo co disposto no artigo 3 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, nas seguintes condicións, e as demais que constan nos pregos de 07/10/2014, ás entidades financeiras que se citan:

OPERACIÓN	ENTIDADE	IMPORTE	DATA DE VENCIMIENTO	TIPO DE XURO
Nº 1	CAIXABANK	1.480.447,82 €	29/05/2022	E3m+0,98

**CUARTO.** Notificar o presente acordo ás entidades financeiras que non resultaron adxudicatarias ou foron excluídas ou non admitidas as súas ofertas na licitación.

**QUINTO.** Notificar á entidade CAIXABANK, adxudicatario provisional da operación de refinanciamento nº 1 o presente acordo, e indicarlle que ata a recepción da autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, non se poderá entender adxudicada definitivamente a nova operación.

**SEXTO.** Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o refinanciamento das operacións formalizadas con cargo ao Fondo para o Pagamento a Provedores axuntando a documentación a que se refire o artigo 3.2 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

**SÉTIMO.** Continuar o procedemento no tocante á operación nº 2, de xeito que, se o licitador requirido para presentar a documentación correspondente, CAIXA RURAL GALEGA, cumpre con dita esixencia no prazo outorgado, se poda adoptar novo acordo polo Pleno da Corporación para a adxudicación provisional da concertación da operación de refinanciamento sinalada.

**2014.05.50.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 18/2014 POR REFINANCIAMENTO DE OPERACIÓN DE CRÉDITO FF.PP.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta de modificación de crédito de referencia.

O Sr.Alcalde cede a palabra ao Sr.Interventor que explica que se trata dunha modificación por suplemento de crédito pola débeda e amortización de de créditos a medio e longo prazo polo importe de 1.832.795,82 euros tal e como consta na documentación.

A Comisión, por catro votos a favor (tres dos membros presentes do Grupo do BNG, Sra.Martínez Fernández e Sres. Cupeiro Rodriguez e Suárez Barcia e un do Concelleiro Sr.Gutiérrez Fernández, do PSG-PSOE no Grupo Mixto ) e dúas abstencións (dos membros presentes do Grupo Popular Sra.González Loreda e Sr. Yañez Dablanca) acorda ditaminar favorablemente a modificación de crédito de referencia para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal e a subseguinte tramitación.”

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.

**2014.06.51.-DEPURACIÓN DE SALDOS CONTABLES RELATIVOS ÁS CONTAS DE PRÉSTAMOS CON ENTIDADES FINANCIERAS.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta de referencia relativa á depuración de saldos contables.

O Sr.Alcalde cede a palabra ao Sr.Interventor que explica brevemente que se trata de realizar as operacións procedentes na contabilidade municipal co obxectivo de axustar a mesma á realidade patrimonial do Concello tal e como se recolle no expediente.

A Comisión, por unanimidade dos membros presentes, acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

O Concelleiro Sr.Castro Reigosa auséntase do salón de Plenos.

Sen promoverse deliberación a Corporación, por unanimidade dos membros presentes, doce dos trece que de dereito constitúen a mesma, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e en consecuencia á proposta que de seguido se transcribe, nos propios termos da mesma.

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA

**VISTO** que por providencia da Alcaldía do día 28/10/2014 iniciouse o expediente para levar a cabo a depuración do saldo contable das contas correspondentes a débedas con entidades financeiras á vista do sinalado no informe de intervención de data 07/07/2014, emitido con ocasión da aprobación da Conta Xeral do exercicio 2013, que poñía de manifesto que as mesmas non recollían a situación patrimonial e financeira real do concello.

**VISTO** o informe emitido pola Intervención municipal de data 06/11/2014 sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir, así como a identificación das anotacións contables necesarias para axustar a contabilidade municipal á realidade patrimonial.

Por tanto, propónse, de acordo coas competencias recollidas no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción dos seguintes acordos por parte do Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.** Aprobar a depuración de saldos das contas correspondentes a operacións de crédito con entidades financeiras, acordando a súa creación, modificación ou baixa nos termos propostos no Informe de Intervención de data 06/11/2014, de xeito que o resultado sexa o seguinte:

#### CREACIÓN:

1702	Préstamo BBVA 43127661	173.770,47 €
1703	Préstamo ABANCA 2003 14058934	14.195,19 €
1704	Préstamo BBVA 43765663	60.000,00 €
1705	Préstamo BBVA 44490068	173.554,10 €
674	Perdas por operacións de endebedamento	401.489,24 €

#### BAIXA:

1700	Préstamos del sector estatal	1.228,91 €
1701	Préstamos a l/p do interior	15.379,97 €

#### MODIFICACIÓN DE SALDO:

171	Débedas a longo prazo (inclúe PIE 2008 e 2009)	-33.732,61 €
520	Débedas a c/p con entidades crédito	+30.310,87 €

**SEGUNDO.** Practicar as anotacións contables necesarias para facer efectiva a depuración de saldos das contas sinaladas no punto anterior.

**TERCEIRO.** Continuar na medida do posible coas labores de detección dos erros e deficiencias contables que deron orixe á aparición dos desfases detectados.”

Logo de expoñer o asunto o Sr. Alcalde pregúntalle ao Sr. Reymóndez Gancedo se quere algunha aclaración, indicando o Concelleiro de UPRI que lle parece ben, que hai ahí un desfase de 401.000 €, pero que non sabe porqué despois de tantos anos aparece agora; opina que debe ser porque Intervención é efectiva, aínda que os políticos responsables tampouco se enteraban.

D. Vicente Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda aclara que si que sabían de isto, pero que non había con que contabilizar a débeda.

O Sr. Reymóndez Gancedo sinala que lle parece lóxico que se teña que facer esa depuración de saldo.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia.

**2014.07.52.- CONVENIO COA XEFATURA DE TRÁFICO DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E A FEMP PARA O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN E A MUTUA COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Consta no expediente o modelo de convenio facilitado pola Xefatura Provincial de Tráfico a que se refiere o epígrafe.

A Comisión, por unanimidade dos membros presentes, acorda ditaminar favorablemente este Convenio para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Previa deliberación a Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia

**2014.08.53.-CONVENIO BÁSICO BILATERAL ENTRE A XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E O CONCELLO DE RIBADEO POLO QUE FORMALIZA A ADHESIÓN AO CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O ORGANISMO AUTÓNOMO XEFATURA CENTRAL DE TRÁFICO E FEMP EN MATERIA DE SEGURIDADE VIARIA.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Consta no expediente o modelo de convenio facilitado pola Xefatura Provincial de Tráfico a que se refiere o epígrafe.

A Comisión, por unanimidade dos membros presentes, acorda ditaminar favorablemente este Convenio para a súa aprobación polo Pleno municipal.

Previa deliberación a Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia

#### **2014.09.54.-MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DA MARIÑA LUCENSE.**

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta do escrito recibido da Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa, expediente 13/2014 de modificación dos Estatutos por adaptación á Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade das Entidades Locais.

A modificación dos Estatutos publicados no DOG nº 143 de 27/07/2012 que se propón so afecta ao artigo 4, Obxecto e e fins, dos mesmos

Pola Alcaldía sinálase que se trata, no apartado g) do referido artigo 4 de suprimir entre os fins a prestación dos servizos sociais que figuraba na redacción quedando agora somentes servizos culturais e deportivos.

Consta no expediente o informe de Secretaría ao precisarse o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

A Comisión, por unanimidade dos membros presentes, acorda ditaminar favorablemente a modificación de referencia para a súa aprobación polo Pleno municipal.”

Previa deliberación a Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia

#### **2014.10.55.-REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO ESCOLAR DA E.O.I.**

Dase conta do Ditame da Comisión Informativa de 13/11/2014 que se transcribe:

“Pola Alcaldía ponse de manifesto que se recibiu escrito da Escola Oficial de Idiomas interesando a designación de representante municipal para a constitución do novo Consello Escolar do Centro.

Significa igualmente que con posterioridade á convocatoria da Comisión Informativa se recibiron escritos en semellantes termos dos Centros IES Dionisio Gamallo e CEIP Gregorio Sanz, e que no trae ningunha proposta senon que o asunto ven aberto, acordándose por unanimidade dos membros Comisión propoñer aos mesmos representantes que xa están nestes momentos en cada un dos Centros.

Para a Escola Oficial de Idiomas, a Comisión Informativa acorda ditaminar a proposta de que o representante municipal sexa D.Agustin Reymondez Gancedo de UPRI.”

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos trece membros presentes na sesión, acorda designar como representante municipal para o Consello Escolar da E.O.Idiomas de Ribadeo a Concelleiro de Unión do Pobo Ribadense –UPRI- D.Agustín Reymondez Gancedo e como suplente do mesmo ao Concelleiro do PSG-PSOE D.Eduardo Gutiérrez Fernández.



**2014.11.56.- REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO DIONISIO GAMALLO.**

Dase conta do Ditame da Comisión Informativa de 13/11/2014 que se transcribe:

“Previa declaración de urxencia do asunto, a Comisión Informativa acorda por unanimidade ditaminar a proposta de que o representante municipal sexa D.Manuel Valín Valdés, do Grupo Popular e como suplente do mesmo a Concelleira do mesmo Grupo dona María del Campo López-Braña Freije.”

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos trece membros presentes na sesión, acorda designar como representante municipal para o Consello Escolar no Centro “IES Dionisio Gamallo” de Ribadeo ao Concelleiro do Grupo Municipal Popular don Manuel Valín Valdés e como suplente do mesmo á Concelleira tamén do mesmo Grupo dona María del Campo López-Braña Freije.

**2014.12.57.-REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO ESCOLAR DO CEIP GREGORIO SANZ.**

Dase conta do Ditame da Comisión Informativa de 13/11/2014 que se transcribe:

Previa declaración de urxencia do asunto, a Comisión Informativa acorda por unanimidade ditaminar a proposta de que o representante municipal sexa D.Horacio Cupeiro Rodríguez do BNG e como suplente do mesmo a Concelleira Dona Ana María Martínez Fernández tamén do BNG.

A Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos trece membros presentes na sesión, acorda designar como representante municipal para o Consello Escolar no Centro “Gregorio Sanz” de Ribadeo ao Concelleiro do BNG D. Horacio Cupeiro Rodríguez e como suplente do mesmo á Concelleira do mesmo Grupo BNG dona Ana María Martínez Fernández.

**2014.13.58.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBADEO (ADAPTACIÓN AO DECRETO 149/2013, DE 5 DE SETEMBRO).**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a Ordenanza reguladora de referencia.

O Sr.Alcalde cede a palabra ao traballador social que explica brevemente as modificacións operadas por imperativo legal na ordenanza reguladora do servizo de Axuda no fogar.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a modificación da Ordenanza

reguladora de referencia para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal e subseguinte tramitación.”

Delibérase polos diferentes portavoces da Corporación.

O Sr. Alcalde indica que van a someter a votación este punto e máis o seguinte, xa que se debatiron os dous temas en conxunto.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia aprobándose, en consecuencia, inicialmente á Ordenanza que de seguido se transcribe e tramitación subseguinte:

## **ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBADEO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (BOE nº 80, do 3 de abril de 1985), establece no seu artigo 25.2 k) que os concellos exercerán, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación de servizos sociais e de promoción e reinserción social.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula o dereito de todas as persoas aos servizos sociais, correspondéndolles aos poderes públicos garantir este dereito, posibilitando así que as liberdades e igualdades entre individuos sexan reais e efectivas, tal e como consagra a propia Constitución Española.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu capítulo II, o catálogo de servizos sociais, onde define o servizo de axuda no fogar coma un servizo consistente en ofrecerlles un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e permanencia no seu contorno habitual. Esta mesma lei establece no seu artigo 11.f) que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, fíxose necesario establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar de maneira que coa aprobación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, se estableceron pautas de carácter xeral para asegurar un nivel equitativo de atención a todas as persoas que tiñan limitada a súa autonomía persoal.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, **dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente**, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da Xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, faise necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar co fin de dar cumprimento ao establecido na disposición derradeira primeira.

O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia e coa finalidade de garantir unha equidade, calidade e intensidade homoxéneas nos tipos de atención e os criterios de participación económica das persoas usuarias, o Concello de Ribadeo, de conformidade co marco normativo referenciado que confire aos concellos a potestade regulamentaria e de autoorganización dentro da esfera das súas competencias, regula os requisitos e condicións da prestación do servizo de axuda no fogar municipal a través da presente ordenanza.

## **CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1º.- Obxecto**

É obxecto desta ordenanza a regulación do servizo de axuda no fogar desenvolvido polo concello de Ribadeo.

### **Artigo 2º.- Ámbito de aplicación**

O establecido nesta ordenanza é de aplicación ao servizo de axuda no fogar que se desenvolve no concello de Ribadeo.

### **Artigo 3º.- Natureza, definición e obxectivos do servizo**

O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

O servizo de axuda no fogar poderá prestarse a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.

Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

Retardar ou evitar a institucionalización.

Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

### **Artigo 4º.- Contido do servizo**

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

Asistencia para levantarse e deitarse.

Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.

Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.

Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:

Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares.

Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

Preparación dos alimentos.

Lavado e coidado das pezas de vestir, así como do enxoval doméstico.

Apoio á unidade familiar.

Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

Adaptacións funcionais do fogar.

Servizo de podoloxía.

Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se falicite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

Actuacións, que polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

#### **Artigo 5º.- Persoas destinatarias**

1. O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores, en que se observe a necesidade dunha intervención

de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2. En todo caso, darase prioridade de acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

#### **Artigo 6.- Dereitos das persoas usuarias**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade, intimidade e autonomía.

A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.

A recibiren unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.

A recibiren unha información de xeito áxil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.

A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.

A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.

Ao tratamento confidencial dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A coñeceren a situación do seu expediente.

A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista e elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisións que modifiquen o proceso de intervención acordado.

Á calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo.

Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

#### **Artigo 7º.- Deberes das persoas usuarias**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se é o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo común, terán os seguintes deberes:

Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.

Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideran resultar relevantes na asignación, modificación, suspensión ou extinción das prestacións ou servizos.

Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e poñendo á súa disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.

Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo ás entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluídas no servizo, centro ou programa en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inserción social.

Facilitar e cooperar no seguimento, avaliación e inspección do servizo.

Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.

A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

#### **Artigo 8º.- Causas de extinción e modificación do servizo**

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

A renuncia da persoa usuaria.

O cambio de programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

Falecemento da persoa usuaria.

Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

A falta reiterada de pagamento do servizo.

Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte ao establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

#### **Artigo 9º.- Causas de suspensión temporal do servizo**

Son causa de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrencia e por un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

## **CAPÍTULO II. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

## **SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN COMÚNS**

### **Artigo 10º.- Formas de prestación do servizo**

O servizo público de axuda no fogar será prestado polo concello de Ribadeo ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

### **Artigo 11º.- Requisitos específicos**

Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicárase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

O seguemento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

O Concello de Ribadeo, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.

Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo II desta ordenanza.

Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Ribadeo e a persoa usuaria, segundo o Anexo III desta ordenanza.

Informes de seguemento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## **SECCIÓN 2ª. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO**

### **Artigo 12º.- Modalidades de acceso ao servizo, organización e procedemento**

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o concello de "...", cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignación de recursos. As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescrición técnica do profesional de referencia resolverase en réxime de libre concorrencia, segundo o seguinte procedemento:

Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI /NIE da/o interesada/o.
- No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación e documento acreditativo da representación invocada ( copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal, ou apoderamiento notarial ); e , en caso de non presentar os documentos precedentes deberá cubrir unha declaración de gardador de feito segundo modelo oficial que lle facilitará o departameto de Servizos Sociais. compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación.
- Fotocopia do libro de familia, no caso de menores de idade.
- Informe das condicións de saúde, facendo mención das medidas preventivas a ter en conta, de ser o caso.
- Xustificante dos ingresos da persoa solicitante, cónxuxe ou parella de feito, ascendentes, e fillos maiores de 25 anos con discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores ( segundo o establecido no artigo 20 da presente ordenanza )a través dalgunha da seguinte documentación:
  - Certificado de pensión do Organismo competente.
  - Certificación do INEM acreditativa de estar en situación de desemprego e de percepción, ou non, de prestacións de ser o caso.
  - Xustificante das percepcións doutras prestacións sociais, de ser o caso.
  - Impreso de domiciliación bancaria, de ser o caso.
  - Autorización ó Concello , a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria.



- Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas e, se é o caso, sobre o patrimonio ou certificación acreditariva dos datos contidos nelas . En caso de non estar obrigado á súa presentación, certificado de imputacións do IRPF expedido pola delegación da Axencia Tributaria correspondente e certificado de presentación negativo no caso do imposto sobre o patrimonio. Esta información poderá obterse de xeito informático polo Concello logo da autorización dos interesados. Teráanse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible .
- Xustificante das cargas e gravames que diminúan o valor do patrimonio, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Non forma parte do patrimonio a vivenda habitual en que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do/a beneficiario/a.
- Nos casos de acceso directo ao servizo, copia da resolución do PIA acreditativa da concesión da prestación do servizo en modalidade SAF, ou SAF Respiro.
- As persoas que padezan algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial presentarán o certificado do organismo público onde se recoñeza a citada discapacidade e/ou invalidez
- Fotocopia do DNI /NIE da/o interesada/o.
- No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: documento acreditativo da representación invocada (copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de tutor/representante legal ou apoderamento notarial); en todo caso, fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa quen teña dita representación. No caso en que non existan os documentos precedentes deberá asinar unha declaración formal de gardador de feito segundo modelo oficial que lle facilitará o departamento de Servizos Sociais.

A Documentación presentada será cotexada polos servizos Sociais municipais.

Con independencia desta documentación o Concello poderá esixir os documentos complementarios que, durante a tramitación do expediente, estime oportunos en relación coa prestación solicitada.

Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais, realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias; en caso de non facelo, serán arquivadas sen máis trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do Concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria,

determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo IV

O departamento de Servizos Sociais elaborará un Informe – proposta que será elevado ao órgano competente para dictar resolución. O prazo máximo para resolver será de tres meses.

No caso de que sexa favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. No caso de empate da puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, á vista do informe-proposta do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.

Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agás aquela que xa conste no seu expediente individual.

### **Artigo 13º.- Desenvolvemento da prestación do servizo**

O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta será como máximo de dous días.

Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén a persoa profesional de referencia.

A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requerido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliar para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria.

Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo III desta ordenanza.

O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo II desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

Farase entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6.i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

#### **Artigo 14º.- Intensidade na prestación do servizo**

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico.

A intensidade do servizo de axuda no fogar, para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención, de xeito que, cando menos, se garanta a cobertura das necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1º a) da Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

Nos restantes casos, a intensidade do servizo, virá determinada na prescrición efectuada polo departamento de servizos sociais do concello.

#### **Artigo 15º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.**

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia .

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se

regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

3.- Establécese como mínimo vital ou contía mínima para gastos persoais e quedará íntegramente á disposición do seu perceptor unha contía equivalente ao 49% dos intresos líquidos percibidos, calculados en cómputo anual.

Garantíraselle á persoa usuaria unha dispoñibilidade anual mínima de 2.653 euros, no suposto de que a persoa usuaria traballe nun centro especial de emprego, este importe será actualizado anualmente consonte a variación interanual do IPREM.

4.- Nos ingresos da persoa usuaria non se terán en consideración como renda a contía das prestacións de análoga natureza e finalidade recollidas no artigo 31 da Lei 39/2006, do 14 de decembro. As ditas prestacións sumaranse á contía calculada de acordó cos criterios de participación do servizo ata o 100% do custe de referencia do servizo.

#### **Artigo 16º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento**

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

#### **Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar**

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacida de económic a	Grao I	Grao II	Grao III

(referenciada ao IPREM) Ata	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

**Artigo 18.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento**

Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0%
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,50 IPREM	Entre o 10% e o 30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	Entre o 20% e o 50%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	Entre o 40% e o 70%
Maior de 2,50 IPREM	Entre o 60% e o 90%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza

infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **Artigo 19º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos**

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Ribadeo, en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

#### **Artigo 20º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

#### **Artigo 21º.- Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello.

#### **Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago**

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais.

A obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

#### **Artigo 23º. - Infraccións e sancións.**

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Esta ordenanza derroga expresamente a ordenanza reguladora do servizo de axuda a domicilio publicada no BOP de 29 de novembro de 2013, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Esta ordenanza entrará en vigor aos 15 días seguintes á publicación nos boletíns que correspondan, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I  
SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

<b>I.- DATOS IDENTIFICATIVOS</b>			
Apelidos			
Nome		Data nacemento	
D.N.I. / N.I.E.			
Enderezo			
Concello			
Nacionalidade			
Representante			



<b>Nome</b>		<b>D.N.I.</b>	
-------------	--	---------------	--

Unidade de convivencia:

<b>Apelidos</b>	<b>Nome</b>	<b>D.N.I.</b>	<b>Data nacemento</b>	<b>Parentesco</b>	<b>Situación laboral</b>	<b>Ingresos mes</b>
<b>Solicitante</b>						

SOLICITA a valoración do seu caso para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, conforme á normativa municipal que regula este Servizo.

En Ribadeo a .....de.....do 20....

Asdo.: .....

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADEO.-**

ANEXO II

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

**PROXECTO DE INTERVENCIÓN INDIVIDUAL**

**1.- Datos de identificación do expediente**

<b>Intervención nº</b>	<b>Data solicitude</b>	<b>Data de inicio</b>
<b>Sector de referencia</b>	<b>Ámbito de atención</b>	<b>Nº total de usuarios</b>
<b>Nome e apelidos</b>		

<b>DNI</b>	<b>Sexo</b>	<b>Estado civil</b>	<b>Data nacemento</b>
<b>Enderezo</b>			
<b>Proxecto</b>	<b>Data proxecto</b>	<b>Data revisión do proxecto</b>	<b>Data fin proxecto</b>
<b>Proxecto elaborado por:</b>		<b>Posto</b>	

**Tipoloxía do servizo a prestar:**

<b>Modalidade</b>	<b>Grao/nivel</b>	<b>Horas concedidas</b>	<b>Horas semanais</b>

Antecedentes relevantes:

**Días da semana e horario**

<b>Horario</b>	<b>LUNS</b>	<b>MART</b>	<b>MERC</b>	<b>XOV</b>	<b>VENR</b>	<b>SAB</b>	<b>DOM</b>

**Tipo de atencións a prestar**

Atencións de carácter persoal		
Atencións de carácter doméstico		
Atencións de carácter complementario		
Atencións de carácter psicosocial e educativo		

**Perfil dos/as profesionais:**

Traballador/a social do concello:

Traballador/a social da empresa xestora:

Auxiliar de axuda a domicilio:

**3.- Existencia doutros servizos / apoios**

Existencia:

Servizos / apoios:

Nº horas semanas:

**4.- Obxectivos do servizo propósito**

<b>Nivel individual</b>	
Garantir a cobertura de necesidades básicas e instrumentais	
Evitar a dependencia de desenvolvemento persoal	
Fomentar as competencias de resolución de problemas	
Minimizar os sentimentos de soidade e illamento	
Colaborar no mantemento dun estado de saúde favorable	

Nivel familiar	
Posibilitar un nivel aceptable de integración	
Apoiar a tarefa do cuidador principal	
Nivel social	
Facilitar a participación do usuario na comunidade	
Achegar recursos comunitarios o interesado	
Favorecer un nivel relacional gratificante	
Outros obxectivos	

**5.- Desglose das tarefas básicas a realizar:**

	ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL	FRANXA HORARIA (*1)	PERIODICIDADE			
			DIARIO	SEMANAL	MENSUAL	TRIMESTRAL
<b>MOBILIZACIÓNS</b>	Levantar e deitar					
	Incorporación cama/cadeira					
	Transferencias					
	Cambios posturais					
	Axudar a subir e baixar escaleiras					
	Apoio nos desprazamentos					
<b>HIXIENE PERSOAL</b>	Baño/ducha					
	Aseo parcial (membros superiores, inferiores, pés...)					
	Lavado de cabeza					
	Cambio de cueiros					
	Botar cremas					
	Masaxes					
	Arranxo unllas					
	Peitear					
	Depilar/afeitar					
	Limpar dentadura					
	Lavar os dentes					
	Cambio ou vaciado de bolsa					
	Cambio de colectores					
	Cortar pelo					
	Tinxir o pelo					
	Axudar a vestir/espir					
	Limpar axudas técnicas					
	Exercicios de mantemento físico e cognitivo					
	Supervisar hixiene persoal					
<b>MEDICACIÓN</b>	Solicitar citas médicas					
	Supervisar medicación e citas médicas					
	Recollida de receitas					
	Comprar medicación					
	Administrar medicación (vía oral, rectal, tópica)					
	Control da glicosa					

	Administrar insulina (vía oral inyectable)					
	Administrar eparina					
	Administrar osíxeno e aerosois					
	Control da tensión					
	Curas menores					
	Cambio de parches					
	Rexistro de activid. de inxestión e recollida de eliminación					

\*1) A cubrir naqueles casos nos que se acode ao servizo en máis dunha franxa horaria

	ATENCIÓNS DE CARÁCTER DOMÉSTICO	FRANXA HORARIA	PERIODICIDADE			
			DIARIO	SEMANAL	MENSUAL	TRIMESTRAL
<b>LIMPEZA E MANTENIMENTO DO FOGAR</b>	Facer as camas					
	Cambiar as camas					
	Sacudir/aspirar alfombras					
	Limpar pezas dos baños					
	Limpar azulexos baños					
	Limpar salón/sala					
	Limpar cociña					
	Limpar electrodomésticos					
	Limpar mesados					
	Limpar armarios de cociña					
	Ordear utensilios de cociña e comida					
	Varrer					
	Fregar chans					
	Ordear a casa					
	Fregar louza					
	Limpar azulexos cociña					
	Limpar cristais					
	Limpar portas					
	Facer a compra					
	Comprobar billas, luz....					
	Facer pequenas reparacións domésticas					
	Sacar o lixo					
	Comprobar telefonía móbil, teleasistencia					
Ventilar habitacións						
Acender o lume e poñer calefacción						
Limpar escaleiras						
Limpar o po						
Supervisar tarefas domésticas						
<b>ALIMENTACIÓN</b>	Planificar menús e dietas					
	Facer a comida					
	Poñer e recoller a mesa					
	Trocear, enfríar, bater					
	Administrar comida					
	Administrar comida por sonda					
	Supervisar alimentación					
	Xestión económica de aprovisionamento					

<b>COIDADADA</b>	Poñer a lavadora					
	Tender a roupa					
	Recoller a roupa					
	Ordear a roupa nos armariso					
	Pasar o ferro					
	Coser					
	Limpar o calzado					
	Comprar roupa					

ATENCIÓN DE CARÁCTER COMPLEMENTARIO	FRANXA HORARIA	PERIODICIDADE			
		DIARIO	SEMANAL	MENSUAL	TRIMESTRAL
Acompañamento ao médico					
Facer compras e/ou outras xestións					
Xestións telefónicas					
Xestión da correspondencia					
Pasear					
Acompañamento centro de día, ocio, etc.					
Calquera outra tarefa que se considere necesaria para a atención integral da persoa usuaria					

**6.- Periodicidade dos seguimentos (mínimo bimestralmente)**

Asinado en \_\_\_\_\_ na data \_\_\_\_\_

Recibín copia: persoa usuaria/  
representante legal

Visto e prace do/a Traballador/a  
Social do Concello

Recibín copia: auxiliar asignada

Técnico responsable empresa xestora (\*2)

ANEXO III  
**Servizo de axuda no fogar**  
**Acordo de servizo**

Reunidos en Ribadeo o día ...../...../..... dunha parte don/dona  
..... con DNI..... e doutra don/dona  
....., en calidade de técnico responsable do servizo de axuda no fogar  
municipal de Ribadeo

**ACORDAN:**

1. Que o Concello de Ribadeo prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, desde o día ..... do ..... de 20.....

2. Que a prestación do servizo de axuda no fogar realizárase por un prazo ....., con posibilidade de prórroga segundo valoración da unidade técnica de Servizos Sociais.
3. Que o SAF se levará a cabo os días da semana ....., en horario De.....; por un total de .....horas mensuais.
4. Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF e á aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria comprométese a achegar .....€ mensuais como contribución ao custo do servizo.
5. Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido no punto 4º, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.
6. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal	
Atencións persoais en outras actividades	
Atención de carácter doméstico:	
Atencións de carácter Psicosocial e educativa	
Atencións de carácter técnico complementario	

7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF, e que serán levadas a cabo polo persoal auxiliar do servizo serán as seguintes:  
 .....  
 .....  
 .....  
 .....  
 .....
8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as seguintes tarefas:.....  
 .....  
 ..... 1º ..  
 .....
9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexadas ao acordo orixinal.
10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, e na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas as partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asíno.  
 ..... de .....de 20.....

A persoa usuaria O técnico responsable

## ANEXO IV

### Baremo para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración da discapacidade e do grao de dependencia. As persoas dependentes valoradas que, polo calendario oficial de implantación, teñan dereito á prestación pola vía de acceso directo do sistema da dependencia (PIA con posible asignación de servizos de axuda no fogar), **non poderán acceder polo sistema de libre concorrencia.**

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase de acordo coa seguinte táboa:

#### Factor 1: autonomía persoal (máximo total 40 puntos)

Táboa de equivalencia para a valoración do nivel de autonomía persoal.										
Falta de autonomía pero dependente de valoración	De 33 % a 64 % de discapacidade	De 65 % a 74 % de discapacidade	75 %-100 %		81 %-87 %		88 % - 93 %		94 % - 100 %	Grao de discapacidade, sen valoración de ATP ou BVD
			75 % - 100 % discapacidade e ata 14 pts ATP		75 % - 100 % discapacidade e 15-29 pts ATP		75 % - 100 % discapacidade e 30-44 pts ATP		75 % - 100 % discapacidade e 45-72 pts ATP	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa (RD 1971/1999)
			75 % discapacidade e ata 24 pts BVD	25-39 pts. BVD	40-49 pts BVD	50 - 64 pts BVD	65 - 74 pts BVD	75 - 89 pts. BVD	90 - 100 pts BVD	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. Puntuación BVD (RD 504/2007)
					Grao I		Grao II		Grao III,	Situación de dependencia (Decreto 176/2007)
5 pts	5 pts.	10 pts.	14 pts.	20 pts.	24 pts.	30 pts.	32 pts.	38 pts.	40 pts.	Puntuación nivel de autonomía persoal

<b>TOTAL PUNTOS AUTONOMÍA PERSOAL</b>	
---------------------------------------	--

**Factor 2: apoio social (máximo total 20 puntos)**

<b>2.1 Vive soa</b>			
A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos)	pts		
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)	pts		
TOTAL			PTS
<b>2.2 Convive con alguén</b>			
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):	Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)	pts	
	Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)	pts	
	Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)	pts	
	Con incapacidade para organizarse (3 puntos)	pts	
	TOTAL-		
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)	pts		
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos)	pts		
Está ben atendido (0 puntos)	pts		
<b>TOTAL PUNTOS APOIO SOCIAL</b>			<b>PTS</b>

**Factor 3: situación familiar/socialización menores (máximo total 20 puntos)**

<b>3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)</b>		pts
Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)		
Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)		
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)		
Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)		
<b>3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)</b>		pts
Familias en que ambos os proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psíquicas para proporcionar unha axeitada atencións os menores (2 puntos)		
<b>3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)</b>		pts
Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)		
<b>3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)</b>		pts
Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)		
<b>3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)</b>		pts
Un menor (3 puntos)		
Dous menores (5 puntos)		
Tres menores (7 puntos)		
Catro ou máis menores (10 puntos)		



<b>TOTAL PUNTOS SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES</b>	<b>PTS</b>
--	------------

**Factor 4: outros aspectos sociais (máximo total 20 puntos)**

<b>4.1. Vivenda (total 10 puntos)</b>	<b>PTS</b>
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (6 puntos)	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (2 puntos)	
Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (2 puntos)	

<b>4.2. Integración no contorno (total 10 puntos)</b>	
Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	

<b>TOTAL PUNTOS OUTROS ASPECTOS SOCIAIS</b>	<b>Pts</b>
---	------------

<b>RESUME</b>	<b>PTS</b>
<b>FACTOR I: Total puntos autonomía persoal</b>	
<b>FACTOR II: Total puntos apoio social</b>	
<b>FACTOR III: Total puntos situación familiar/socialización menores</b>	
<b>FACTOR IV: Total puntos outros aspectos sociais</b>	

<b>TOTAL XERAL</b>	<b>Pts</b>
--------------------	------------

**2014.14.59.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE RIBADEO (ADAPTACIÓN IMPERATIVA AO DECRETO AUTONÓMICO 149/2013, DE 5 DE SETEMBRO)**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a Ordenanza reguladora do prezo público de referencia.

Explícase polo Sr.Alcalde que se trata dunha modificación consecuencia da modificación operada tamén na Ordenaza reguladora do servizo de acordo co establecido no Decreto 149/2013 de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu custo.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a modificación da Ordenanza do

prezo público de referencia para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal e subseguinte tramitación.”

Despois de todo o debatido no punto anterior, sométese a votación e aprobase por unanimidade dos membros da Corporación o ditame e cnsecuentemente a modificación da Ordenanza do Prezo Público en cuestión que se transcribe así como a subseguinte tramitación regulamentaria:

### **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBADEO**

#### **Artigo 4º. Contía**

*A contía do servizo estará determinada por:*

- a) *Con carácter xeral polo prezo por hora do servizo prestado que ascende a 12 euros máis a cota de IVE que corresponda en cada momento segundo a lexislación fiscal aplicable.*
- b) *Capacidade económica das persoas usuarias do servizo tendo en conta o establecido no artigo 17 da Orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do Servizo de Axuda no Fogar para a Comunidade Autónoma de Galicia.*

*En función destas circunstancias, o prezo do punto a) anterior aplicarase de acordo coas seguintes escalas conformadas segundo os requisitos dos artigos 61 e 62 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento na Comunidade Autónoma de Galicia:*

#### **1.- MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA**

<i>Capacidade económica</i>	<i>Participación no custe do SAF básico</i>
<i>Menor do 0,80 do IPREM</i>	<i>0</i>
<i>Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM</i>	<i>15%</i>
<i>Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM</i>	<i>20%</i>
<i>Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM</i>	<i>40%</i>
<i>Maior de 2,5</i>	<i>60%</i>

#### **2.- MODALIDADE DE ACCESO DIRECTO**

<i>Capacidade</i>	<i>Grao I</i>	<i>Grao II</i>	<i>Grao III</i>
-------------------	---------------	----------------	-----------------

económica (referenciada ao IPREM) Ata	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

**2014.15.60.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS PARA FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENTE NECESIDADE.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta de modificación na Ordenanza reguladora de referencia.

O Sr.Alcalde cede a palabra ao traballador social explicando éste que se trata dunha modificación nos límites para o acceso ás axudas motivado porque moita xente en situación de urxencia non podía acceder polo baremo utilizado polo que se incrementou sensiblemente tal límite para o acceso.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda por unanimidade ditaminar favorablemente a modificación da Ordenanza reguladora de referencia para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal e subseguinte tramitación.”

Delibérase polos diferentes membros da Corporacion municipal

A Corporación,por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia aprobándose, en consecuencia, inicialmente á Ordenanza que de seguido se transcribe así como a tramitación subseguinte:

**ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS, PARA FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO, EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA OU URXENTE NECESIDADE.**

**Artigo 4.-O ámbito subxectivo de aplicación (beneficiarios).**

1. A presente normativa regula a xestión das axudas para emerxencia social que lle conceda o Concello de Ribadeo ás persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

*Ter a residencia estable acreditada no Concello de Ribadeo con cando menos 6 meses de anterioridade á presentación da solicitude da axuda.*

*Ser maior de idade ou menor emancipado con cargas familiares.*

*Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia. Axúntase táboa dos límites de ingresos no Artigo 7.*

2. Posibles beneficiarios das axudas de emerxencia social:

*Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas que cumpran os requisitos indicados no punto anterior aos efectos desta ordenanza, enténdese como unidade familiar o núcleo de convivencia que estea composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou por outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o segundo grao e por afinidade ata o terceiro grao.*

*No caso de que o Concello lle conceda a axuda á unidade familiar, os seus membros integrantes non poderán beneficiarse de axudas de emerxencia social consideradas individualmente.*

3.- Documentación:

- *Solicitude.*
- *Copia DNI/NIE do solicitante e membros da unidade de convivencia obrigados a obtelo.*
- *Libro de Familia.*
- *Xustificación documental que proceda no caso de ser titular de bens e dereitos distintos da vivenda habitual.*
- *Orzamento formal dos gastos para os que se solicita a axuda, así como os xustificantes formais das débedas contraídas, recibos luz, auga, gas, aluguer...*
- *Acreditación de ingresos de todos/as os/as convivintes (nóminas (últimas 12), IRPF, axudas INEM, Seguridade Social ...etc).*
- *No caso de separación ou divorcio sentenza ou convenio regulador.*
- *Certificación empadramento e convivencia da persoa solicitante.*
- *Extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas integrantes da unidade familiar dos últimos 12 meses.*

*Documentación mínima que debe aportar o Concello:*

- *Informe social dos/as técnicos de servizos sociais que complementarán a información da documentación aportada reflectindo a súa veracidade."*

**Artigo 7.-Límite de ingresos por unidade familiar.**

Valoración económica: Procederáse ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo da persoa solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar. Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros da mesma en relación aos últimos 12 meses (rendementos do traballo, prestacións de desemprego, pensións, etc.).

Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da persoa afectada pola dita situación. Neste caso a renda anual sería a resultante de calcular unha media da renda do último trimestre e multiplicala por 12 pagas.

En supostos excepcionais, e por razóns debidamente xustificadas no expediente, consideraranse unicamente os ingresos que se obteñan no momento de presentación da solicitude.

Como regra xeral, para acceder á concesión da axuda, os ingresos non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa:

CONVIVENTES	LÍMITE DE INGRESOS
1	Ate o 90 % do IPREM
2	Ate o 110 % do IPREM
3	Ate o 130 % do IPREM
4	Ate o 150 % do IPREM
5	Ate o 170 % do IPREM
6	Ate o 190 % do IPREM
7	Ate o 210 % do IPREM
8	Ate o 230 % do IPREM
9	ou máis Ate o 250 % do IPREM

Excepcionalmente, e coa valoración favorable dos traballadores sociais, en casos de especial vulnerabilidade social poderase conceder a axuda aínda superando o límite económico establecido en casos tales como:

- Realización de cursos de formación encamiñados a manter ou obter un posto de traballo.
- Familias con menores, nas que un gasto extraordinario poña en perigo a cobertura das necesidades primarias.
- Actuacións de urxencia en situación de violencia doméstica.

Tamén se terá en conta o pago de alugamentos ou hipoteca relativos unicamente á vivenda habitual, de xeito que se descontará do computo dos ingresos familiares ata un máximo de 250€ mensuais. Achegarase documentación acreditativa.

En caso de unidades familiares onde exista mala relación entre os seus membros, poderase ter en conta os ingresos económicos de parte da unidade familiar, previa valoración do/a traballador/a social

**2014.16.61.- MODIFICACION DA ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO ÁS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS PARA FACILITAR O ACCESO ÁS ACTIVIDADES DIRIXIDAS A MENORES, ORGANIZADAS POLAS CONCELLERÍAS DE CULTURA, EDUCACION E IGUALDADE E DE FACENDA, MEIO RURAL, OBRAS E DEPORTES PERTENCENTES A FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO EN SITUACIÓNS ECONÓMICAMENTE DESFAVORABLES.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta de modificación na Ordenanza reguladora de referencia.

O Sr.Alcalde cede a palabra ao traballador social explicando éste que se trata dunha modificación que afecta aos límites para o acceso ás axudas, que ven motivado porque moita xente en situación de urxencia non podía acceder polo baremo utilizado sendo íste o motivo de incrementar sensiblemente tal límite para o acceso ás axudas.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a modificación da Ordenanza de referencia para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal e subseguinte tramitación.”

Delibérase polos diferentes membros da Corporacion municipal

A Corporación, por nove votos a favor ( sete dos membros do Grupo do BNG e dous dos Concelleiros do PSGPSOE e UPRI que integran o Grupo Mixto) e catro en contra (dos Concelleiros do Grupo Municipal Popular) acorda prestar aprobación ao ditame de referencia aprobándose, en consecuencia, inicialmente á modificación da Ordenanza que de seguido se transcribe así como a tramitación subseguinte:

**ORDENANZA REGULADORA DAS BASES DE ACCESO AS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS, PARA FACILITAR O ACCESO AS ACTIVIDADES, DIRIXIDAS A MENORES, ORGANIZADAS POLAS CONCELLARÍAS DE CULTURA, EDUCACIÓN E IGUALDADE E A DE FACENDA, MEDIO RURAL, OBRAS E DEPORTES PERTENCENTES A FAMILIAS DO CONCELLO DE RIBADEO, EN SITUACIÓNS ECONOMICAMENTE DESFAVORABLES.**

**Artigo 4.-O ámbito subxectivo de aplicación (beneficiarios).**

1. A presente normativa regula a xestión destas axudas que lle conceda o Concello de Ribadeo ás persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter a residencia estable acreditada no Concello de Ribadeo con cando menos 6 meses de anterioridade á presentación da solicitude da axuda.
- O beneficiario da axuda deberá ser menor de idade.
- Non dispoñer a unidade familiar de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados do servizo ou actividade organizada ou prestada polo concello sen poñer en risco a propia viabilidade da economía familiar.

2. Posibles beneficiarios das axudas:

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas que cumpran os requisitos indicados no punto anterior. Aos efectos desta ordenanza, enténdese como unidade familiar o núcleo de convivencia que estea composto por dúas ou máis persoas vinculadas por matrimonio ou por outra forma de relación estable análoga á conxugal, por parentesco de consanguinidade ata o segundo grao e por afinidade ata o terceiro grao.

3.- Documentación:

- . Copia DNI/NIE do solicitante e membros da unidade de convivencia obrigados a obtelo.
- . Libro de Familia.
- . Xustificación documental que proceda no caso de ser titular de bens e dereitos distintos da vivenda habitual.
- . Acreditación de ingresos de todos/as os/as convivintes (nóminas (últimas 12), IRPF, axudas INEM, Seguridade Social ...etc).
- . No caso de separación ou divorcio sentenza ou convenio regulador.
- . Certificación empadramento e convivencia da persoa solicitante.
- .- Extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas integrantes da unidade familiar dos últimos 12 meses

**Artigo 7.-Límite de ingresos por unidade familiar.**

Valoración económica: Procederáse ao cálculo da capacidade económica segundo o baremo da persoa solicitante e dos demais membros que compoñan a unidade familiar. Entenderanse como ingresos da unidade familiar todos os ingresos obtidos por cada un dos membros da mesma en relación aos últimos 12 meses (rendementos do traballo, prestacións de desemprego, pensións, etc.).

Excepcionalmente, cando existan cambios substanciais na renda familiar dentro dos últimos doce meses cunha previsión de permanencia no tempo, poderanse ter en conta unicamente os ingresos relativos ao último trimestre da persoa afectada pola dita situación. Neste caso a renda anual sería a resultante de calcular unha media da renda do último trimestre e multiplicala por 12 pagas.

En supostos excepcionais, e por razóns debidamente xustificadas no expediente, consideraranse unicamente os ingresos que se obteñan no momento de presentación da solicitude.

Como regra xeral, para acceder á concesión da axuda, os ingresos non poderán exceder dos límites establecidos na seguinte táboa:

<b>CONVIVENTES</b>	<b>LÍMITE DE INGRESOS</b>
2	Ate o 170 % do IPREM
3	Ate o 190 % do IPREM
4	Ate o 210 % do IPREM
5	Ate o 230 % do IPREM
6	Ate o 250 % do IPREM
7	Ate o 270 % do IPREM

**2014.17.62.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL T24 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN OU RESERVA DE ESPAZOS PÚBLICOS E INMOBLES DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE RIBADEO.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta de modificación na Ordenanza fiscal de referencia.

O Sr.Alcalde cede a palabra ao Sr.Interventor que explica que na Ordenanza se recollen exencións e bonificacións que non están previstas na lei pero so para actividades culturais e sociais non incluíndo as de tipo deportivo que se recollen agora.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) e tres abstencións (dúas dos membros do Grupo Popular e unha do Concelleiro do PSG-PSOE dentro do Grupo mixto) acorda ditaminar favorablemente a modificación da Ordenanza de referencia para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal e subseguinte tramitación.”

Delibérase polos diferentes membros da Corporacion municipal

A Corporación,por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia aprobándose, en consecuencia, inicialmente á modificación da Ordenanza que de seguido se transcribe así como a tramitación subseguinte:

**PRIMEIRO:** Modificar o Artigo 1.2 da T24 e que quede redactado como sigue:

“será obxecto desta exacción a utilización ou reserva de canto espazo exista no termo municipal que sexa de titularidade pública ou afecto ao uso xeral e todos aqueles inmobile de utilización pública ou non, destinado ao uso xeral da cidadanía e afectos aoservizo público , agás os de carácter deportivo ( pavillóns) , que se regularán polo previsto na Ordenanza Fiscal T13, excepto esto último cando concurran as condicións que se dispoñen no Artigo 5 desta ordenanza relativo a Ribadeo eventos que se rexirán pola Ordenanza Fiscal T.24”

**SEGUNDO:** Modificar o Artigo 5.2 e que quede redactado como sigue “ non están obrigadas ao pagamento de cantidade algunha as actividades deportivas ou actos de calquera índole, organizadas polo Concello de Ribadeo, ben directamente ou ben a través doutras entidades ás que se conceda o patrocinio municipal, e aqueles actos ou actividades que sexan organizados ou promovidos a través do programa de Ribadeo de Eventos do Concello de Ribadeo.

**TERCEIRO:** Engadir un Artigo 5.5 e que quede redactado como sigue “as persoas ,organizacións e/ou entidades que desexen participar de Ribadeo Eventos realizarán obrigatoriamente a solicitude a través da plataforma electrónica [www.eventos.ribadeo.org](http://www.eventos.ribadeo.org). ou petición aoservizo con competencias na materia.

### **2014.18.63.-PRÓRROGA PARCIAL DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa que de seguido se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

Visto escrito formulado pola UTE ANLLAR CONSTRUCCIONES, S.L./MANTENIMIENTO DE ESTACINOES S.L. empresa contratista que executa na actualidade as obras de Construcción do Centro de atención a maiores de Ribadeo na rúa Paco Lanza desta Vila, expoñendo unha serie de incidencias e acontecementos acaecidos na execución destas obras e solicitando unha prórroga de 4 meses do prazo parcial que remataba o 15/11/2014 establecido para a execución do contrato de obra dnde o adxudicatario se compromete a executar e certificar antes da citada data a cantidade de 750.000,00 euros e se acepta a certificación a data 15 de novembro de 2014 de 535.127,87 sen que esta ampliación de prazo parcial provoque retraso no remate da obra posto que a anualidade 2015 absorverá a totalidade dos retrasos acumulados durante o presente ano.

Achega planificación da obra correspondente ás 3 anualidades ata fin de obra.

Visto informes emitidos polo Arquitecto municipal, Secretaría e Intervención,

Esta Alcaldía,

**PROPON** ao Pleno Municipal que previo ditame da Comision Municipal Informativa correspondente adopte o seguinte acordo:

1º.- Prorrogar o prazo parcial de execución de obra previsto para 15/11/2014 nos termos indicados.

2º.Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

O Sr.Alcalde concreta a proposta indicando que se trata básicamente de axustar o ritmo das obras por problemas xurdidos durante a execución, neste ano, pero que non van afectar para nada á data de remate das mesmas.

A Comisión, por cinco votos a favor (catro dos membros do Grupo do BNG e un do representante do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Popular ) acorda ditaminar favorablemente a proposta de referencia.”

O Sr. Alcalde explica que ese punto se trato una xunta de portavoces e dille ao Sr. Reymóndez que, polo tanto, el si é consciente do tema e indica que trata da prórroga parcial do prazo de execución das obras de construcción do centro de atención a maiores.

Comenta que o punto é o que xa se tratou na xunta de portavoces e que cumprindo co papel e as cifras incuestionable da Deputación en 2014, que era impepinable cumprir ou perder, pero que no contrato asinado coa UTE se puxo unha cifra que a día 15 de novembro era moi



complicado de xustificar por incidencias varias, en principio non imputables á UTE; explica que, como se comentou no seu momento, se podería forzar a través de avales, pero que consideraron que era moi forzado, polo que se estimou a posibilidade de trasladar parte de iso para o ano que ben sabendo que no ano 2016, que é cando se tiña que entregar, non se vai cambiar a data de entrega se non que se vai redistribuir entre o 2014 e o 2015; tamén explica que saben que moito deste contrato estaba máis marcado pola operativa administrativa de certificación que é pola viabilidade de execución das obras, que agora están indo ben e sen demora, pero que é complicado nun mes certificar medio millón de euros e que non se da feito por moito que se traballe; indica que non ten nada que ver coa data de entrega do edificio pero que si que o hai que reaxustar entre o 2014 e o 2015 algo.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda prestar aprobación ao ditame de referencia nos seus propios termos.

### **DECLARACIÓN DE URXENCIA.-**

### **REFINANCIAMENTO DE PRÉSTAMOS DO PLAN DE PAGO A PROVEEDORES.-**

Previa declaración de urxencia, por unanimidade dos membros da Corporación, dase conta da proposta que se formula para refinanciamento de préstamos do Plan de pago a Proveedores (2ª operación)

Durante a deliberación deste asunto auséntase do Salón de Plenos o Concelleiro Sr. Castro Reigosa.

A Corporación, en votación ordinaria, por oito votos a favor (sete dos membros do BNG e un do Concelleiro do PSG-PSOE no Grupo Mixto) e catro abstencións (dos membros presentes do Grupo municipal Popular), acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía que de seguido se transcribe:

### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**VISTO** que o artigo 3 do Real Decreto-Lei 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, recollía a posibilidade de que as entidades locais puideran concertar novas operacións de endebedamento para cancelar parcial ou totalmente a súa débeda pendente co Fondo para o Financiamento dos Pagos a Proveedores, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no mesmo.

**CONSIDERANDO** que no informe de intervención de data 07/10/2014, se analizaba a posibilidade de acollerse á posibilidade descrita no parágrafo anterior, e a determinación de que o órgano competente para a concertación das operacións de crédito en cuestión, no caso de que se levase a cabo polo importe máximo posible, sería o Pleno da Corporación, de acordo cos artigos 52.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril

**VISTO** que por Resolución de Alcaldía de data 07/10/2014 aprobouse o expediente de contratación e o prego de condicións que rexerían no seu caso a adxudicación de operacións de refinanciamento dos préstamos subscritos por este Concello de Ribadeo a través do mecanismo de pago a provedores, de acordo co disposto no artigo 3 do Real Decreto Lei 8/2014, de 04 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficacia, que serían os seguintes:

Nº	ENTIDADE	CAPITAL PENDENTE	DATA DE VENCEMENTO	TIPO DE XURO
----	----------	------------------	--------------------	--------------

1	ABANCA	1.480.447,82 €	29/05/2022	E3M+3,85
2	BANCO POPULAR ESPAÑOL	352.348,00 €	31/12/2023	3,34

**VISTO** que con data 08/10/2014 solicitouse oferta ás entidades financeiras da localidade e aquelas coas que ten relación o Concello, outorgándolles un prazo de 15 días naturais para a súa presentación, e que formularon a súa as seguintes entidades: BBVA (NRE 12315/2014), CAIXA RURAL GALEGA (NRE 12208/2014), BANCO DE SABADELL (NRE 12360/2014), BANCO PASTOR (NRE 12252/2014), LIBERBANK (NRE 12375/2014), BANCO SANTANDER (NRE 12341/2014), CAIXABANK (NRE 12397/2013) e ABANCA (NRE 13490/2013).

**VISTO** que o Alcalde da Corporación, procedeu asistido polo Secretario e co asesoramento do Interventor da Corporación e do TAX don José Rodil Veiga, o día 30/10/2014 á apertura dos sobres coa documentación administrativa que se estimou correcta, e posteriormente á apertura dos sobres B que contiñan a oferta económica, cos seguintes resultados:

ENTIDADES FINANCEIRAS	OFERTA OPERACIÓN 1	OFERTA OPERACIÓN 2
ABANCA	E3M+1,14	<i>E3M+1,14 -NON ADMISIBLE</i>
CAIXABANK	<b>E3M+0,98</b>	<i>E3M+0,98 -NON ADMISIBLE</i>
BANCO SANTANDER	E3M+1,06	NON PRESENTA
LIEBERBANK- CAJASTUR	<i>E1A+0,66 -NON ADMISIBLE</i>	NON PRESENTA
BBVA	<i>E3M+1,13 -NON ADMISIBLE</i>	NON PRESENTA
CAIXA RURAL GALEGA	E3M+1,40	2,75 FIXO
BANCO PASTOR- BANCO POPULAR	E3M+2,50	NON PRESENTA
BANCO SABADELL- GALLEGO	E3M+1,00	<b>2,09 FIXO</b>

- De acordo co recollido nas cláusulas primeira e oitava dos pregos non se admiten as ofertas nas que se recolle un tipo variable para a operación nº 2, cando esta debía referenciarse a un tipo fixo inferior ao 3,34 %, nin as ofertas nas que se recolle un tipo variable distinto ao Euribor a 3 meses para a operación nº 1.
- De acordo co recollido na cláusula 10 dos pregos, non se admite tampouco a oferta realizada por BBVA para a operación nº 1 ao non manterse a mesma ata o 31/12/2014.

**CONSIDERANDO** que á vista do anterior, procedeuse con data 03/11/2014 a requirir ás entidades CAIXABANK e BANCO SABADELL- GALLEGO para que presentaran a documentación a que se refiren os pregos de cláusulas e os artigos 146.4 e 151.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, coa intención de adxudicarlles no seu caso o contrato, por ter presentado as ofertas máis vantaxosas de acordo cos criterios recollidos no artigo 9 dos pregos de cláusulas, e que con datas 10/11/2014 (NRE 12839/2014) e 13/11/2014 (NRE 13080/2014), por parte de CAIXABANK e 13/11/2014 (NRE 13084/2014), por parte de BANCO SABADELL- GALLEGO, foi presentada esta documentación.

**VISTO** non obstante que, con data 10/11/2014 foi emitido informe de intervención relativo ao aforro financeiro que se obterá coa subscrición das novas operacións, de acordo co artigo 3.2 do Real Decreto-Lei 8/2014, de 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, e que no mesmo ademais de cifrar este aforro, á vista dos informes de data 05/11/2014 e 07/11/2014 emitidos pola recadación municipal que obran no expediente, se concluíu que no momento de presentación das ofertas, a entidade BANCO SABADELL- GALLEGO se atopaba incurso nunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP ao non estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Ribadeo.

**VISTO** que, a consecuencia do anterior, procedeuse con data 10/11/2014 a requirir a CAIXA RURAL GALEGA, entidade que presentou despois de BANCO SABADELL- GALLEGO a oferta máis vantaxosa para a operación nº 2 de acordo cos criterios recollidos no artigo 9 dos pregos de cláusulas, para que presentara a documentación a que se refiren os pregos de cláusulas e os artigos 146.4 e 151.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, coa intención de adxudicarlle no seu caso dita operación se era excluído polo órgano de contratación o licitador citado, e que con data 18/11/2014 presentou a mesma de conformidade coas esixencias dos pregos.

Por tanto, de acordo coas atribucións do artigo 22.2.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 52 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Adxudicar provisionalmente a concertación das operacións de refinanciamento dos préstamos subscritos por este Concello de Ribadeo a través do mecanismo de pago a provedores, de acordo co disposto no artigo 3 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, nas seguintes condicións, e as demais que constan nos pregos de 07/10/2014, ás entidades financeiras que se citan:

<b>OPERACIÓN</b>	<b>ENTIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>DATA DE VENCIMENTO</b>	<b>TIPO DE XURO</b>
Nº 2	CAIXA RURAL GALEGA	352.348,00 €	31/12/2023	2,75 FIXO

**SEGUNDO.** Notificar á entidade CAIXA RURAL GALEGA, adxudicatario provisional da operación de refinanciamento nº 2 o presente acordo, e indicarlle que ata a recepción da autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, non se poderá entender adxudicada definitivamente a nova operación.

**TERCEIRO.** Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, o refinanciamento das operacións formalizadas con cargo ao Fondo para o Pagamento a Provedores axuntando a documentación a que se refire o artigo 3.2 da Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

**2014.19.64.- CONTROL DOS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN (ART. 46.2 DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL). DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. MOCIÓN. ROGOS E PREGUNTAS.**

Intervén Don Agustín Reymóndez indica que no punto 60, na páxina 3, número 2.462, hai unhas analíticas de control ambiental que son dos lodos de Lexoso e das duchas das praias cuia cantidade é de 547, 68 €; explica que non lle preocupa a cantidade pero que lle gustaría saber cales foron os resultados das análises dos lodos de Lexoso.

Don Horacio Cupeiro respóndelle que si se fixeron unhas análises porque quería eliminar os lodos de Lexoso e que a empresa suministradora da auga lles decía que era bon ter ahí máis auga embalsada, polo que fixeron unha analítica de eses lodos, llo comunicaron á Consellería para que lles evaluase onde podían depositar eses lodos, se puxeron en contacto cunha empresa que se dedica ao tratamento dos lodos e o resultado foi que a Consellería lles dixo que non podían depositar eses lodos en ningún sitio nin masa común nin terreo agrícola, polo que dende o Concello se solicitou que lles indicaran cales eran os parámetros polos que se rexían para decidir iso; explica que a día de hoxe non lles contestaron, que están pendentes, pero que o que si lles din e que todos os lodos teñen que ser tratados por unha empresa autorizada, o cal supón ter que trasladar a cerca de Lugo a que se tratan as cerca de 1.400 toneladas que preveen que hai, o que suporía un gran coste. Repite que están a esperar a ver si eles lles poden decidir con esas analíticas si se poden depositar en algunha terra de labor ou non e queren que lles especifiquen un pouco que normativa aplican para decirlles si realmente o poden facer ou non; reitera que están pendentes da resposta por escrito porque todo iso o falou verbalmente pero que tamén quere que se lle diga iso mediante un documento escrito.

O Sr. Reymóndez pregunta se hai algún problema de índole sanitario.

O Sr. Cupeiro contesta que non, pero que hai determinados elementos que eles poden entender como, por exemplo, se houbera, que non é o caso, un metal pesado que dera 0,045 e o lexislado fora 0,040, pasándose un 0,05 e que lle dixeran que el, como en cobre ou en aluminio ou en outro metal se está excedendo non o poden autorizar; explica que o que pretenden eles e que dentro da normativa que lles din que non se pode depositar nunha terra de labor se cumpre ou incumple, xa que documentalmente non o sabe nin sabe os parámetros xa que os resultados que ve non son químicos, polo que realmente pretende que a Consellería lles indique se hai algún parámetro, cales e porque non se pode depositar nunha terra de labor; repite que o Concello quere iso por escrito.

Conitúa a deliberación sobre este asunto e de seguido o Sr. Reymóndez Gancedo pregunta por o decreto 280 da páxina 4 e di que no número 2.512 hai un gasto de 383 € en 5.000 taboas de mareas e pregunta de que ano son.

Dona Ana María Martínez Fernández, do Grupo Municipal do BNG, di que agora mesmo non o sabe pero que supón que son do verán.

O Sr. Reymóndez pregunta si se entregaron todos, respostando a Concelleira Delegada que sí e que aínda se deron máis e que esa cantidade non chega para todo o ano nin para o verán.

Don Eduardo Gutiérrez bromea decindo que agora tamén hai mareas políticas.

A continuación o Sr. Reymóndez Gancedo fala do nº 264 e explica que ahí hai unha resolución da alcaldía para xustificar unhas facturas, do cal lle chaman máis a atención dúas facturas: unha de 1.485,42 € e outra de 2.482,62 € que teñen a mesma data, 26-08-2014, e que son servizos prestados por correos. Pregunta se é normal que se teñan dúas facturas coa mesma data.

O Sr. Alcalde contesta que o que pode decidir é que este ano as facturas de correos son moi elevadas debido ao gran número de notificacións que se enviaron referentes ao PEPRICH, as cales supoñen ao mellor sobre 6.000 € ou máis.

O Sr. Reymóndez aclara que o que lle parece extraño é que no mesmo mes e coa mesma data haxa esas dúas facturas.

O Sr. Alcalde explica que miraron os apuntes e que lle extraña moito que Correos se equivocase ao facturar, que igual pode corresponder unha factura ao correo ordinario con franqueo pagado e a outra a cartas con acuse de recibo que se fan extraordinariamente, como por exemplo no caso do PEPRICH.

O mesmo concelleiro refírese ao Decreto 271 e 272 referente ao tema de Sogama. Pregunta como se paga iso e como está o tema.

O Sr. Alcalde dille que están traballando no tema e intentando conciliar a xustiza, o dereito, a razón e a economía municipal.

O Sr. Reymóndez pregunta se o que se pagaba ao principio era o acordado anteriormente no ano 1999.

O Sr. Alcalde contéstalle que precisamente iso é o que defenden.

O Sr. Reymóndez pregunta se agora hai unha baixada.

O Sr. Alcalde di que primeiro lles meteron un repaso do 34% a todos os Concellos e que agora lles din que lles van baixar o 10% para o 1 de xaneiro de 2015.

Sr. Reymóndez pregunta si se pagou ese 34%.

O Sr. Alcalde di que o teñén que asumir pero que non o repercutiron no recibo do lixo, que se asume de fondos propios do concello.

O Sr. Reymóndez volve preguntar si se pagou.

O Sr. Alcalde respóndelle que a día de hoxe non.

O Sr. Reymóndez di que no 273 hai unha deducción de subvención sa Xunta de Galicia.

O Sr. Alcalde explica que é unha factura de unhos toner; indica que hai un informe do técnico de que se meteu nesa subvención, a parte do que se meteu, unha serie de materiais como usbs, toners de impresora de varias cores.

O Sr. Reymóndez pregunta se a Xunta non asumeu iso.

O Sr. Alcalde di que iso se motivou que non era de gastos corrente e que era para esas campañas.

Dona Maria Luz Álvarez, Concelleira delegada de Cultura di que en vez de facelo nunha imprenta se fixo dende o propio Concello e se meteu o gasto que supuxo ese toner e que non lle lo consideraron.

O Sr. Alcalde di que lles pediron que xustificaran porque e que se lles xustificou.

Para rematar, o Sr. Reymóndez Gancedo refírese ao número 274 da páxina 8, o 1.623.

O Sr. Alcalde indica que se trata da análise da auga pluvial procedente do polígono industrial.

O Sr. Reymóndez pasa a falar do 281, que é dunha axuda para unha ludoteca e pregunta si esas axudas son de servizos sociais ou do CIM, porque nese caso o informe é da avogada do CIM e quen ten que emitir o informe.

Dona María Luz Álvarez respóndelle que o Centro de Información á Muller pero previo ás precipcións, necesidades e informes que se precisen de Servizos Sociais; explica que se traballa coordinadamente , polo que a persoa vai solicitar ao CIM, despois o CIM pide os informes pertinentes e documentación ao propio usuario e a servizos sociais.

Don Manuel Valín Valdés, do Grupo Popular di que a persoa que o precedeu xa preguntou cousas, polo que al el soamente lle quedan tres preguntas; a primeira é sobre o 260 da páxina 6 e di que hai os tres últimos decretos que suman a cantidade de 30.000 € e pide que lle explique de que son esas actividades socioculturais e de teatro, si son de algo concreto.

O Sr. Alcalde acláralle que 20.000 € se corresponden aos campamentos.

Dona Maria Luz Álvarez Lastra, Concelleira de Cultura aclara que foi o pagamento á empresa adjudicataria por realizar os campamentos de verán.

O Sr. Valín Valdés pasa a falar do 274 da páxina 3. Explica que hai unha cea-recepción pola travesía náutica da ruta xacobeá de 1.000 € de factura e pregunta a que se corresponde iso.

O Sr. Alcalde dille que é unha colaboración transversal coa Xunta de Galicia e o Club Náutico.

O Sr. Valín pregunta se é unha colaboración á actividade.

O Sr. Alcalde responde que si e di que ademáis lles deron aloxamento nas literas do pabillón a 30 persoas porque por culpa do temporal tiveran que dar volta.

O Sr. Valín pregunta sobre o nº 283 e di que fai dous plenos ordinarios falou dunha asociación que organiza o festival de música clásica que tiña residencia en Madrid; di se esa axuda que se lle da á Asociación de Profesores Técnicos de Ensinanza Secundaria de Automoción de Galicia é para a semana da automoción e indica que si se lle dan subvencións a asociacións ubicadas fora de Ribadeo ao mellor habería que buscar outra fórmula. Recorda que o festival de música clásica se lle subvenciona a unha asociación que ten o domicilio social en Tres Cantos en Madrid e que a outra non sabe onde a ten, pero que en Ribadeo seguro que non e pregunta onte a ten.

O Sr. Alcalde explica que as veces se lles plantexan cuestións sobre subvencións, nese caso sociais, que incumpren ese requisito, pero que se levan concendendo dende fai anos.

Don Vicente Castro di que consta que fan actividades dentro de Ribadeo.

O Sr. Valín dice que ao mellor é máis fácil, porque claro, que figure en Tres Cantos.

O Sr. Alcalde respóndelle que fai actividades en Ribadeo.O Sr. Valín di que non é a única actividade que fai.

## **ROGOS E PREGUNTAS.-**

### **DO CONCELEIRO DO PSG-PSOE.-**

Don Eduardo Gutiérrez di que ten dous breves rogos; o primeiro é para que o Concello se dirixa á Xunta, ao departamento correspondente, porque un ano máis dende tempo inmemoriado na normativa e folleto que sacan dos seus plans en Lugo pon Xunqueiras e Ría do Eo, polo que hai que pedir que o cambien.

O Sr. Alcalde pregunta cal é o departamento ao que hai que dirixirse.

O Sr. Gutiérrez di que debe ser a Consellería de Medio Rural.

Dona Ana María Martínez di que iso tamén está en Turgalicia. O Sr. Gutiérrez di que ao mellor pode ser de Medio Ambiente.

Don Eduardo Gutiérrez di que o seu segundo rogo é para o Concello e que é reiterado; indica que xa hai tempo e que cree que agora está suficientemente xustificado, que falou de retirar a placa que hai no paseo e que cita a unha persoa que foi alcalde, que coincide tamén co nome dun Ministro de Medio Ambiente que está na cárcere. Manifesta que cree que agora que está tan de moda a discreción se debería poñer no seu lugar unha placa co nome do paseo marítimo, que por certo, non está en ningún sitio.

O Sr. Alcalde di que xa faláron ese tema e di que eles non queren facer un dano colateral no sentido de que si se arrinca esa placa sen máis, porque non é xusto que se arrinque a placa conome dun alcalde que houbo; indica que o que pensaron foi que cando iso se dera a nova placa vai supoñer un custo ao Concello, pero si se fai que siga figurando o nome do antigo alcalde e eliminar o outro. Repite que non lles parecía xusto.

Don Eduardo Gutiérrez di que se podía poñer unha plaquiña co nome do paseo e indicado que foi inaugurado polo antigo alcalde.

O Sr. Alcalde explica que é unha placa de bronce, polo que si lle meten unha radial para borrar iso vai a quedar moi feo; di que o mellor é refundila e facer outra. Indica que o que quere decir é que aceptan o rogo e que tamén van a traballar para que non exista dano colateral, que sería inxusto.

### **DO CONCELEIRO DE UPRI.-**

O Sr. Reymóndez di que vai facer unha pregunta que xa terán preparada. Fala da rúa Esperanza de Rinlo, que se amañoú últimamente e e pregunta si é verdade que se xuntaron as fluviais coas fecais, que parece ser que aumentou o consumo de bombeo ao dobre do que había a raíz de iso. Tamén di que é unha obra nova e que non sabe si está rematada.

O Sr. Alcalde contéstalle que se executou o proxecto, o cal foi publicado no seu momento e que non sabe o que di de que se aumnetaron os datos de consumo porque descoñece os datos; pregúntalle se os sabe el.

O Sr. Reymóndez dille que parece ser que aumentou o bombeo e que colle moita máis auga que antigamente; tamén di que se mezclan as pluviais coas fecais antes de chegar á Cofradía.

O Sr. Alcalde explícalle que a obra está rematada e entregada con todas as certificacións e que non houbo ningún problema, cumpríndose co proxecto que foi redactado polos servizos municipais; insiste en que iso se publicou antes de licitar a obra e que non ten ningunha cuestión negativa desa obra, se non todo o contrario.

O Sr. Reymóndez a continuación pregunta sobre o vertedreiro pechado de Ove para que lle informe como está o tema porque había unha reclamación.

O Concelleiro delegado de Medio Ambiente Sr. Cupeiro Rodríguez resposta que está selado.

O Sr. Alcalde preguntalle si o que pretende decir e se hai algunha reclamación sobre a titularidade.

O Sr. Reymóndez dille que non, que parece ser que os veciños reclamaban iso para eles.

O Sr. Alcalde respondelle que ao mellor o di porque o viu na prensa.

O Sr. Reymóndez di que non, que antes de isto houbo un debate.

O Sr. Cupeiro ofrécese a explicarllo. Indica que a cousa tan sinxela como que no seu día o anterior presidente solicitou a reversión do vertedreiro á comunidade; posteriormente houbo unha votación da comunidade de montes na que acordaron que se retirara todo aquilo que se pedía sobre a reversión e que se retirara do xulgado, por acordo da moiría da propia comunidade.

O Sr. Reymóndez pregunta si esto o tiñan no xulgado.

O Sr. Cupeiro dille que si e que a propia comunidade por maioría mandou retiralo. Indica que máis alá de todo iso, como eles teñen a responsabilidade durante 30 anos manter o vertedreiro controlado a Xunta os obriga, a través da avaliación de calidade ambiental, a enviar unha serie de documentación anual e polo tanto cada ano fan unha analítica e lla envían para que valoren se está en condicións ou non.

O Sr. Reymóndez Gancedo manifesta que vai pedir por terceira vez, que o Sr. Vicente Castro pasa por ahí moitas veces pero que o seu coche debe ser bo porque nunca pincha, que na estrada que ven dende a fonte do Cobo ao Castillo de Nemesio, a paralela á estación, a ver si se pode amañar algo porque nesas arquetas algún día pode quedar enterrado un camiión. Di que todo o tráfico pesado do Concello entra e sae por ahí.

O Sr. Alcalde contéstalle que por iso querían o terceiro acceso, que llo solicitaron ao Ministerio pero non o fixo.

O Sr. Reymóndez Gancedo recálcalle que se refire ao trozo que se comprometeu a amañar o Concelleiro Sr. Castro Reigosa fai dous meses no último pleno.

O Sr. Castro Reigosa respóndelle que debe ser que entendeu mal, que el se comprometeu a estudalo non a amañalo, que é diferente; explica que foi estudado e supón unha gran inversión para que quede como é debido, porque para poñer un ariño de formigón e que o ano que ven volva estar roto pois non. Explica que a saída de ahí supón facer unha inversión sería porque hai que canalizar as gabias laterais para poder ampliar a estrada e que para evitar que a rodeira dos camiións pesados que pasan por ahí, sobretudo os de madeira, pase por encima do alcantarillado hai que facer o estudo técnico debido e o estudo de custos.

O Sr. Reymóndez preguntalle se o vai facer



O Sr. Castro di que si, pero que agora hai outras cousas que teñen prioridade por urxencia.

O Sr. Alcalde indica que están no tema.

O Sr. Reymóndez da as grazas e remata a súa intervención.

#### **DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-**

Intervén Dona María del Campo López-Braña di que vai a comezar polo último punto que tiña porque sae a raíz do que se falaba ahí referente ao convenio de tráfico. Pregunta que, si ela non entendeu mal, se unha persoa que veña empadroarse a Ribadeo, o Concello cruza os datos con Tráfico e os seus vehículos quedan automaticamente empadroados en Ribadeo ou si se require o consentimento desa persoa.

O Sr. Alcalde dille que non entende a pregunta.

Dona María del Campo di que ela pode vivir en Ribadeo e o seu coche estar en Teruel.

O Sr. Alcalde explícalle que iso é optativo para a persoa por si o quere facer.

Dona María del Campo pregunta si se require o consentimento da persoa.

O Sr. Alcalde dille que si e que cando ven a persoa empadroarse se lle pregunta.

A Sra. López-Braña Freije pregunta se o novo servizo vai a supoñer un coste para o Concello.

O Sr. Alcalde contesta que non, pero que o mellorará porque o padrón se incrementará con máis vehículos.

Dona María del Campo López Braña di que entón o Concello vai recadar máis e o Sr. Alcalde dalle a razón.

A mesma Concelleira manifesta que quere preguntar en relación co tema do cemiterio sobre a normativa, porque a súa compañeira Azucena pideu que dende o Concello se lle dese información suficiente aos veciños e que cree que non se lles deu porque moitos seguen preocupados por si lles van a quitar o nicho; pensa que o Concello debería explicar iso xa que ten facilidade cos medios e transmitir tranquilidade. Indica que tamén quere saber cantas alegacións se presentaron, cando van poder os concelleiros consultalas, si se van a debatir en comisión e como vai tramitar.

O Sr. Alcalde dille que os Concelleiros teñen dereito a acceder a toda a documentación.

Dona María del Campo pregunta si lles van facilitar a documentación sin ter que solicitala.

O Sr. Alcalde responde que si, que non ten ningún problema en que como concelleiros soliciten o acceso á información; explica que no pleno anterior dixeron que era unha aprobación inicial, que non quería que houbera temor, pero que hai xente que malmete e xente que se preocupa porque lle dixeron cousas, pero que lle explican á xente que non se preocupe e que non faga caso.

Dona María del Campo di que tamén hai xente que non entende o Regulamento, porque non é fácil explicarlle a unha persoa o que son os dereitos a perpetuidade de 99 anos e que nunca foi deles

O Sr. Alcalde di que, en todo caso, como é unha aprobación inicial estiveron esperando sen dicir nada con prudencia ata que rematase o prazo de alegacións, que rematou hai poucos días, e que vai volver a pleno e xuntarse todos para analizar o tema da mellor maneira posible dentro da legalidade; explica que están moi sensibilizados co tema e que non quere que ninguén pense que se lle vai sacar o nicho, que hai lei estatal hai que cumprila, pero que van estudar cos técnicos as maneiras para que ninguén se sinta preocupado, xa que non era a pretensión desta ordenanza, se non que era regular cousas que non estaban a funcionar ben; opina que sempre se pode mellorar e que hai cuestións que se din nas alegacións moi sensatas e que haberá que ter en conta.

A Sra. López-Braña Freije di que durante todo o pleno se estivo a falar de ordenanzas e prezos públicos moi sociais por parte do Concello e indica que referente aos prezos públicos non sempre cando se privatiza algo o Concello debería vixilar máis a prestación do servizo, como por exemplo o da piscina municipal e as súas tarifas porque son caras; pon o exemplo de que a ela lle pasaron un abono individual que no ano 2009 costaba 24,70 € e aplicando o incremento do IPC que dende ese ano foi un 8,1% agora tería que costar 26 €, pero que está a costar 32 €. Di que un rapaz que esté traballando ou no paro, xa que non hai bonificacións, ten que pagar 32 €, subíndolle a vida na piscina, que é un servizo municipal público; indica que a un pensionista pasou de subírlle de dez con algo no ano 2009 a cerca de 14€, cando deberían ser, según o IPC varibale, 11,05 €.

Según o explicado, solicítalle ao Concello que estude coa concesionaria da piscina municipal unha adaptación das tarifas e prezos públicos á actualidade, tendo en conta e preveendo bonos para familiar numerosas, bonos ou reducións para desempregados, que se abra a piscina a medio día, que se preveean bonos para todo o ano e non so para as vacacións e que os festivos se abra polas mañás igual que nos domingos porque cando a xente podería disfrutar de verdade da piscina está pechada; recoñece que é consciente de que iso está na concesión e que é moi difícil o que plantexa.

O Sr. Alcalde responde que precisamente no pecado vai a penitencia.

Dona Maríal del Campo di que na concesión o Concello pideu unhas melloras e que se lle deron.

O Sr. Alcalde explicalle que a estrutura das tarifas da piscina municipal data dunha nova adjudicación ex novo que se produceu no 2005 ou 2006 e que a partir de ahí cambia a estrutura que había quedando a de agora, que simplemente se foi incrementando cos IPCs e que de aquela a estrutura, que era de fai dúas corporacións, veu ben o modelo en relación coas melloras de ampliación, mellora de duchas, ampliación de servizos, ximnasio novo con máis servizos, etc; reitera que todo isto levaba un modelo que consistía en favorecer abonos familiares, di que el e un usuario moi esporádico e que para ser esporádico é moi caro, pero que precisamente se fai adrede para que xente como el non vaian e que se vaia cun bono familiar; opina que por iso o prezo é máis razoable con abonos familiares que con abonos individuais.

Indica que a estrutura a teñen que aguantar mentres dure a concesión, agás que o Concello queira revocar a concesión indemnizando á empresa. Sobre as cuestións puntuais sobre si abre ou non abre di que non ten ningún problema en revisar o prego de condicións porque se teñen que cumprir todas e que se hai algo que se esté a facer mal e que no prego se teña que facer o mirarán.

Explica que coa mellora que foi pactada hai un tempo e que está rematada, constándolle que está rematada a pesar das cousas que se dixeron no pleno anterior.

Dona María del Campo di que as circunstancias económicas dunha familia no 2005 e a das familiar normalmente hoxe non son as mesmas, pero que se está feito así ela o plantexa e que se pode o Alcalde ben e se non pois nada, que están en rogos e non vai a discutir máis.

O Sr. Alcalde manifesta que el se alegra de que a situación do Concello coa piscina non sexa a mesma que está a pasar noutros concellos nos que se teñen que meter a rescatar a concesión, que pecha e hai moitos cirios.

Dona María del Campo pregunta en relación á Escola de Música e di que parece ser que no mes de novembro faltou unha mestra de infantil, que os nenos non tiveron clase e se lles pasou o recibo igual e que en decembro van a ter tamén dúas clases en vez de catro; pregunta se lles van reintegrar o diñeiro e si lles van descontar o deste mes que non van ter clase.

Dona María Luz Álvarez Lastra contéstalle que en principio van a ter clase porque este día 24 se incorpora a profesora substituta, polo que a outra parte de que non van a ter clase non é certo, estando a convocatoria en marcha para substituír á persoa que pideu a excencia como persoal de educación infantil; aclara que noutras ocasións que non houbo clase, como por exemplo cando estivo de baixa o profesor de percusión, se fixo un informe do director da Escola de Música asinado por ela, se pasou a Intervención, se elevou o informe correspondente e se descontou o importe á xente no mes seguinte; explica que iso se fai mediante un proceso de informes, que non se devolveu o diñeiro pero que se descontou nas tarifas seguintes.

O Concelleiro Sr. Yañez Dablanca refírese a que na rúa Doutor Moreda algúns dos veciños solicitan, e que xa o comunicaron fai pouco, a reposición de árbores e bancos; explica que se eliminaron porque no seu momento estorbaban e que a árbore foi arrancada e roga a súa reposición. O Sr. Alcalde acepta o rogo.

Refírese tamén ao edificio municipal denominado Casa das Algas, que deben controlarse as fugas, explicando o Sr. Alcalde o asunto e aceptando o rogo.

Intervén a continuación o Sr. Valín Valdés referíndose tamén ao tema anterior así como á necesidade de iluminación exterior e que deben poñerse puntos luz.

Sinala tamén mesmo Concelleiro, en relación á Policía Local, que están actuando cun afán recadatorio e concreta que o coche da Policía, o grande, está situado moitas veces nunha zona peonil detrás do cine Teatro.

Refírese por outra parte á Moción sobre accesibilidade da que xa ten pedido en moitas ocasións que se traiga ao Pleno para o seu tratamento.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vintedúas horas e corenta minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,